



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de SETEMBRO de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
(incorpórase no punto 10)
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta de setembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(848).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria do 14 de setembro, ordinaria do 16 e extraordinaria e urxente do 17 de setembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(849).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DOS EQUIPOS DE EXCARCERACIÓN HIDRÁULICOS A BATERÍA PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6495/213.

Visto o informe xurídico do 24/09/21 e o informe de fiscalización do 27/09/21, dáse conta do informe-proposta do 10/09/21, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de

Incencios, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 2 de agosto de 2021 a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de equipos de excarceración eléctrico a batería para o Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 2 de agosto de 2021 e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 2 de agosto de 2021.

Memoria económica do contrato de data 3 de agosto de 2021 e 2 de setembro de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade e concelleiro delegado-concelleiro de Orzamentos e Facenda Jaime Aneiros Pereira.

Certificado de crédito de data 3 de agosto de 2021.

Dilixencia do Servizo de Contratación de data 2 de setembro de 2021.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 4 de agosto de 2021 e corrixido o 3 de setembro de 2021, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria xustificativa do contrato de data 4 de agosto de 2021 e corrixido o 3 de setembro de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Informe do Servizo de Contratación de 09 de setembro de 2021 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.



Concello de Vigo

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de dous equipos de excarceración eléctricos a batería para os parques de bombeiros, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data de 09 de setembro de 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Empresa, Economía e Seguridade mediante resolución de 2 de agosto de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dos equipos de excarceración hidráulicos a batería para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 3 de setembro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 9 de setembro de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 100.000,00 euros, do que 17.355.37€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290002 “ Adquisición de equipos de excarceración hidráulicos a batería” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(850).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN COMPRESOR DE AIRE E RAMPLA DE CARGA PARA OS EQUIPOS AUTÓNOMOS DE RESPIRACIÓN, COLCHÓN DE RESCATE E BOMBAS DE ACHIQUE PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6504/213.

Visto o informe xurídico do 24/09/21 e o informe de fiscalización do 27/09/21, dáse conta do informe-proposta do 15/09/21, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
 - Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
 - Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
 - Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 10 de agosto de 2021 e correxido en data 3 de setembro de 2021 e 13 de setembro de 2021 a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade o 10 de agosto de 2021, 3 de setembro de 2021 e 13 de setembro de 2021.

Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 10 de agosto de 2021, 3 de setembro de 2021 e 13 de setembro de 2021.

Memoria económica do contrato de data 11 de agosto de 2021, 11 de setembro de 2021 e 13 de setembro de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade e concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda. Jaime Aneiros Pereira

Certificado de crédito de data 11 de agosto de 2021 e 3 de setembro de 2021.

Dilixencia do Servizo de Contratación de data 2 de setembro de 2021 e 10 de setembro de 2021.

Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 13 de agosto de 2021 e corrixido o 14 de setembro de 2021, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria xustificativa do contrato de data 13 de agosto de 2021, 3 de setembro de 2021, e 13 de setembro de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Empresa, Economía e Seguridade.

Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de 14 de setembro de 2021 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado abreviado dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique, asinado Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data de 14 de setembro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Empresa, Economía e Seguridade mediante resolución de 29 de marzo de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dun compresor de aire e rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 14 de setembro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data de 14 de setembro

3º.- Autorizar o gasto por importe de 88.400,00 euros, do que 15.342,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290003 “ Adquisición dun compresor de aire e



Concello de Vigo

rampla de carga para os equipos autónomos de respiración, colchón de rescate e bombas de achique " do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(851).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS DE USO PRIVATIVO DE CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE LAVADORES. EXPTE. 12484/255.

Dáse conta do informe-proposta do 16/09/2021, asinado polo encargado do servizo de Cemiterios, o xefe do servizo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

I.1.- O Concello de Vigo, Servizo de Cemiterios ven adxudicando as concesións administrativas de uso privativo de cinceiros nos cemiterios municipais segundo rigoroso orde de entrada da petición do particular no Rexistro do Concello de Vigo.

I.2. Debido ao elevado número de petitionarios de cinceiros, acometeronse diversas construcións no cemiterio municipal de Lavadores, bloques 14 e 15 entre outros, que foron adxudicados, e que por diversas circunstancias, algúns dos adxudicatarios renunciaron ós mesmos. Segundo datos do libro rexistros e unha vez examinados os cinceiros obxecto de renuncia, se considera de interese proceder a súa readxudicación.

I.3. Proceda continuar cos trámites para a adxudicación de cinceiros, depósito para restos cadavéricos, segundo Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, en réxime de concesión, segundo estrito orde de entrada das peticións dos particulares no Rexistro Xeral Municipal.

II.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL) e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade (LXS), Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSG), Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e restantes normas de concordante aplicación.

III.- Fundamentos de dereito:

III.1.- Os artigos 25.2.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL); 42.3.e) da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade e 80.3.f) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establecen a competencia municipal en materia de cemiterios, actividade funeraria e policía sanitaria mortuoria. Neste senso, o Concello de Vigo é titular dos cemiterios de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns.

III.2.- Os cemiterios municipais son bens de dominio público municipal, destinados ó servizo público de cemiterios. O Servizo de Cemiterios acometeu a construción de cinceiros no cemiteiro municipal de Lavadores (bloques 14 e 15), para o seu uso privativo en réxime de concesión administrativa, mantendo, en todo momento, o uso de cinceiro, depósitos para restos cadavéricos, que se encadra dentro do uso xeral do cemiterio municipal.

III.3.- Os artigos 2.2 e 4 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e arts. 78 e 80 establecen que o uso privativo dos bens de dominio público estarán suxeitos a concesión administrativa. Asemade, a concesión incluírá, como mínimo, as cláusulas prevista no artigo 80 da dita norma, en especial, establece a obrigaón de manter en bo estado a porción de dominio utilizado. Nos mesmos termos a vixente LPAP.

III.4.- Os art. 5.A.2 e 7 da vixente Ordenanza fiscal número 14 reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, establece que “a concesión de cinceiros por período de 50 anos, ten unha cota de 402,05 euros” e “os acordos de adxudicación desta concesións por cincuenta anos estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se produza o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo de un mes contado dende a finalización do prazo de pagamento que se fixa na notificación correspondente.

III.5.- A adxudicación das concesións de uso cinceiros realizarse seguindo o criterio xeral de antigüidade na petición segundo orde de entrada no Rexistro Xeral Municipal tal e como se ven realizando nos últimos anos, ao tratarse dun uso que se encadra dentro da función de servizo público de cemiterios, e estar expresamente recollido este criterio de adxudicación no artigo 13 da vixente ordenanza fiscal reguladora do servizo antes citada. Á petición achegouse a autoliquidación por importe de 32 euros e certificado de empadramento no Concello de Vigo. Asemade, conforme ó establecido no artigo 8, apartados 7 e 8, as concesión de uso dos cinceiros serán intransmisibles intervivos por un período de 5 anos dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste municipio. En todo caso, a súa transmisión entenderase polo tempo que reste da devandita concesión.

III.6.- O réxime xurídico aplicable á concesión virá determinado:



Concello de Vigo

- Polas condicións establecidas no outorgamento da concesión.
- Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das administracións públicas. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Pola lexislación en materia sanitaria. Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Polas Ordenanzas propias de cada entidade. Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Supletoriamente polas restantes normas do ordenamento xurídico.

III.7.- O órgano competente para o outorgamento das concesións é a Xunta de Goberno Local ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 11, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Adxudicar ás persoas que a continuación se relacionan, seguindo o criterio xeral de antigüidade na petición segundo a orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a concesión administrativa de uso privativo do cinceiro que para cada un se expresa segundo emprazamento e número e nas condicións que se determinar neste acordo

CINCEIROS NO CEMITERIO DE LAVADORES

Nome e Apelidos	N.I.F	Número e Bloque	Expte. de referencia
MILAGROS CAMPOS PÉREZ	***4652**	3 do bloque 14	9005/255
FÉLIX OLIVEIRA PÉREZ	***0868**	15 do bloque 14	9065/255
M ^a CARMEN TEIXEIRA VELOSO	***2265**	22 do bloque 14	9134/255
CARMEN GARDÓN FERNÁNDEZ	***5356**	25 do bloque 14	9173/255
CLARA ISABEL MUÑOZ USERA	***4891**	29 do bloque 14	9174/255
ÁLVARO CRESPO CASAL	***1797**	42 do bloque 14	9237/255
M ^a ISABEL MONTES BALADO	***4723**	43 do bloque 14	9277/255

JUAN JOSÉ PÉREZ CIBEIRA	***1194**	48 do bloque 14	9330/255
MARÍA CRISTINA SIMÓN GÓMEZ	***1717**	68 do bloque 14	9334/255
M ^a TERESA VILAS AGUILERA	***1291**	71 do bloque 14	9451/255
JOSE MANUEL CAMPOS DE LA PEÑA	***7812**	73 do bloque 14	9473/255
AURORA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	***9415**	88 do bloque 14	9493/255
OLGA ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	***1591**	91 do bloque 14	9494/255
MERCEDES MAGDALENO VILA	***3348**	92 do bloque 14	9503/255
JOSE CARLOS IGLESIAS LAGO	***7346**	2 do bloque 15	9603/255
ISAURA MARTÍNEZ ESTÉVEZ	***7885**	3 do bloque 15	9652/255
ANA MARÍA LAMELA LÓPEZ	***9115**	4 do bloque 15	9682/255
BRÍGIDA FERNÁNDEZ LÓPEZ	***2182**	7 do bloque 15	9780/255
ANA MARÍA FERNÁNDEZ BENITEZ	***5748**	9 do bloque 15	9790/255
ÁNGELA FUNGUEIRIÑO RODRÍGUEZ	***3791**	11 do bloque 15	9809/255
RUFINO LUIS TAPIOLES FERNÁNDEZ	***1771**	13 do bloque 15	9840/255
OLGA CAMESELLE GONZÁLEZ	***3604**	14 do bloque 15	9943/255
MANUEL GONZÁLEZ IGLESIAS	***7597**	15 do bloque 15	9944/255
HUMILDAD ROMERO ÁLVAREZ	***3041**	19 do bloque 15	9990/255
M ^a CARMEN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	***8565**	25 do bloque 15	9994/255
PILAR SUSANA PLANET PASTOR	***4940**	27 do bloque 15	10054/255
CARMEN VEGA COVELO	***5292**	28 do bloque 15	10304/255
CARMEN CABALEIRO PEREIRA	***0989**	29 do bloque 15	10396/255
LUIS DAVILA GÓMEZ	***4124**	31 do bloque 15	10476/255
ADORACIÓN ANIDO MOSQUERA	***0751**	34 do bloque 15	10521/255
JOSE RODRÍGUEZ COSANO	***6159**	40 do bloque 15	10542/255
ROSA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ	***7650**	41 do bloque 15	10564/255
ÁNGELES CONDE MARTÍNEZ	***7372**	43 do bloque 15	10659/255
MIGUEL ÁNGEL FREIRE FERNÁNDEZ	***0085**	48 do bloque 15	10715/255
M ^a DEL PILAR SAA AZNAR	***4024**	51 do bloque 15	10938/255
RAUL PRADA BACEREIDO	***0365**	56 do bloque 15	10940/255



Concello de Vigo

M ^a TERESA PALMAS GONZÁLEZ	***7019**	57 do bloque 15	10994/255
MARÍA DEL CARMEN TUCHE SILVA	***3909**	61 do bloque 15	10010/255
MERCEDES LEMOS MARTÍN	***9831**	63 do bloque 15	11297/255
CONSUELO ÁLVAREZ MARTÍNEZ	***1442**	68 do bloque 15	11311/255
ANA MARÍA RODRÍGUEZ BENITEZ	***5207**	72 do bloque 15	11385/255
M ^a DEL CARMEN ESTÉVEZ RODRÍGUEZ	***9485**	78 do bloque 15	11386/255

SEGUNDO: As concesións administrativas outórganse por un prazo de cincuenta (50) anos contados a partir da data de ingreso da liquidación da taxa en período voluntario, debendo manterse, en todo momento, o uso de cinceiro, depósitos para restos cadavéricos, dentro do uso xeral que se encadra nos cemiterios municipais.

As concesións de uso dos cinceiros serán intransmisibles intervivos por un período de cinco (5) anos dende o seu outorgamento salvo que o adxudicatario perda a condición de residente neste municipio. En todo caso, a súa transmisión, ben sexa intervivos ou mortis causa, entenderase polo tempo que reste da devandita concesión.

TERCEIRO: Os acordos de adxudicación están condicionados ao pagamento das cantidades sinaladas no art. 5.A.2 da vixente Ordenanza fiscal número 14 reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se produza o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo de un mes contado dende a finalización do prazo de pagamento que se fixa na notificación correspondente. Efectuado o pagamento expedirase o correspondente título acreditativo do dereito.

CUARTO: Os concesionarios teñen a obrigaçión de manter en bo estado a porción de dominio utilizado e de abandonar e deixar libres e vacuos, a disposición da administración, dentro do prazo, os bens obxecto da utilización, e o recoñecemento da potestade da administración para acordar e executar por sí o lanzamento.

QUINTO.- O Concello de Vigo ten a facultade de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento do prazo, se o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante o resarcimento dos danos que se causaren ou sen el cando non procedere. Outórgase a concesión, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

SEXTO.- Ao abeiro do art. 100 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas as concesións demaniais extínguense pola caducidade por vencemento do prazo, sen prexuízo das demais causas previstas legalmente.

SÉTIMO.- As concesións administrativas que se outorgan réxense:

- Polas condicións establecidas no presente acordo.

- Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Pola lexislación básica do Estado reguladora do réxime xurídico dos bens das administracións públicas. Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Pola lexislación en materia sanitaria. Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.
- Polas Ordenanzas propias de cada entidade. Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais (ordenanza número 14).
- Supletoriamente polas restantes normas do ordenamento xurídico.

OITAVO: Notifíquese o presente acordo os interesados/as informándolles que contra éste, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(852).- DECLARAR DESERTO O LOTE 2 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS AUTÓNOMOS DE RESPIRACIÓN E DÚAS HIDROLAVADORAS PARA OS PARQUES DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6408/213.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/09/21, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de setembro de 2021, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de



Concello de Vigo

bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) (proposta de adxudicación lote 1 e proposta de declaración de deserto lote 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que con data do 26 de agosto de 2021 se notificou a resolución de clasificación e o requirimento da documentación do artigo 150.2 da LCSP a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2). Dentro do prazo concedido só PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) presentou documentación.

Unha vez cualificada, a Mesa acorda conceder un prazo de tres días a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. para que poida emendar a solvencia técnica de acordo co esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP *“Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado [...] Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”*. Entre os subministros achegados o de Megodeza, S.L.U non se pode ter en conta na súa totalidade porque algunhas facturas son posteriores ao 20 de xullo de 2021 (último día do prazo de presentación de ofertas). Respecto do informe do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña asinado o 7 de setembro de 2021 (fóra do prazo de presentación de ofertas), non indica as datas exactas de realización do subministro polo que non se pode comprobar se foron realizados dentro do prazo.

Por outra banda, o 10 de setembro, fóra do prazo concedido, INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. presenta documentación alegando *“Indicamos que hemos tenido un problema en el servidor central que ha afectado a toda la empresa. Por lo que no se pudo presentar la documentación antes de la fecha requerida. El problema ha sido subsadado y procedemos al envío de la documentación. Solicitamos que se tenga en cuenta la documentación presentada para seguir con la adjudicación del Expte. 6408/213. Lote 2”*.

A Mesa toma coñecemento do citado escrito e, ao abeiro do previsto no citado artigo 150.2, entende retirada a oferta de INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. e acorda, por unanimidade, formular ao órgano de contratación a seguinte proposta

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) (lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dos equipos autónomos de respiración e hidrolavadoras para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 2 de xuño de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 8 de xuño de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 239.569,88 euros, do que 41.578,24€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 “Adquisición de equipos de respiración, hidrolavadora” do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- O concelleiro delegado de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordos da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño e 5 de setembro de 2019 e resolución da Alcaldía do 23 de agosto de 2021), o 26 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) na seguinte orde descendente:

Lote 1: Equipos autónomos de respiración

Orde	Licitador	Prezo
1	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	194.205,00€

Lote 2: 2 Hidrolavadoras

Orde	Licitador	Prezo
-------------	------------------	--------------



Concello de Vigo

1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	39.076,95 €
---	--------------------------------	-------------

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) (B-85.885.812), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2), o día 26 de agosto de 2021.

Durante o prazo concedido INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. non presentou documentación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Segundo o disposto no artigo 150.2 da LCSP, “de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se tivera constituído, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71”.

Neste caso “*procederese a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas*”. Ao non haber máis licitadores clasificados neste lote, cómpre declaralo deserto.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 2 “Dúas hidrolavadoras” do procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) porque a Mesa de Contratación entendeu retirada a oferta do único licitador clasificado no lote por non cumprimentar o requirimento do artigo 150.2 da LCSP no prazo sinalado”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(853).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS AUTÓNOMOS DE RESPIRACIÓN E DÚAS HIDROLAVADORAS PARA OS PARQUES DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1). EXPTE. 6408/213.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 23/09/21, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de setembro de 2021, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) (lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dos equipos autónomos de respiración e hidrolavadoras para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 2 de xuño de 2021.



Concello de Vigo

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 8 de xuño de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 239.569,88 euros, do que 41.578,24€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 " Adquisición de equipos de respiración, hidrolavadora" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- O concelleiro delegado de Fomento e Servizos (resolución da Alcaldía do 23 de agosto de 2021), o 26 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) na seguinte orde descendente:

Lote 1: Equipos autónomos de respiración

Orde	Licitador	Prezo
1	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	194.205,00€

Lote 2: 2 Hidrolavadoras

Orde	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	39.076,95 €

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) (B-85.885.812), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, o día 26 de agosto de 2021. PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. presenta a documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. non presenta documentación no prazo concedido.

En base ao anterior a Mesa de Contratación entendeu retirada a oferta de INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. e propoñer declarar deserto o lote 2 e, unha vez cualificada a documentación presentada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) acordou concederlle un prazo para a emenda da acreditación da solvencia técnica.

Durante o prazo concedido PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. presentou nova documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 20 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) por un prezo total de 194.205,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.705,00 euros.”



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(854).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 4145/611.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 23/09/21, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de setembro de 2021, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto simplificado da “CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA”.

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 26 de maio de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 27 de maio de 2021 asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación, para a CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe base máximo de licitación de 60.000,00 € , e sendo o valor estimado do contrato de 49.586,78 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.629.0000 "Equipamento deportivo das instalacións " do orzamento 2021.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A.U. (A-50.308.139), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia técnica esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBÉRICA, S.A.U., o día 6 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida 15 de setembro, dentro do prazo concedido.

Unha vez cualificada a documentación, a Mesa de Contratación acordou concederlle un prazo para a emenda da solvencia técnica. Durante o prazo concedido o licitador presentou nova documentación.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONDO IBÉRICA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONDO IBÉRICA, S.A.U., de acordo cos informes de datas 19 e 31 de agosto de 2021 de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONDO IBÉRICA, S.A.U. (A-50.308.139) o procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 40.903,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.098,96 euros.*
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses.*
- Reduce o tempo de resposta fixado no PPT para o servizo de atención postventa durante o período de garantía en 50 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(855).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO MANTEMENTO DE LICENCIAS “ZIMBRA COLLABORATION NETWORK EDITION” E O SOPORTE DO SISTEMA DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO ZIMBRA. EXPTE. 9550/113.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 23/09/21, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de setembro de 2021, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias “Zimbra Collaboration Network Edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias “Zimbra Collaboration Network Edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento de licencias



Concello de Vigo

“Zimbra collaboration network edition” e o soporte do sistema do correo electrónico corporativo “Zimbra”:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e resolución de inicio de expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/03/2021 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e da Secretaria do Goberno Local
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 13/04/2021 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 21/04/2021 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o Técnico responsable de seguridade informática
- Memoria xustificativa do contrato de data 25/06/2021, asinada polo Técnico responsable de seguridade informática, o xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 29/06/2021, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 15/07/2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto nos anos e partidas seguintes:

exerci- cio	concepto	partida	base	ive	total
2021	Servizos actualización, soporte e filtrado	9207.2279902 Mantemento software	2685,95	564,05	3250
2021	Asistencia Técnica	9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	1405,65	295,19	1700,84
	Total exercicio 2021				4950,84
2022	Servizos actualización, soporte e filtrado	9207.2279902 Mantemento software	8057,84	1692,15	9749,99
2022	Asistencia Técnica	9207.2270603 Servizos e traballos técnicos	4216,95	885,57	5102,52
	Total exercicio 2022				14852,51

--	--	--	--	--	--

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias “Zimbra Collaboration Network Edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L.	98 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. (B-73.105.231), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., o día 2 de setembro de 2021, que presenta parte da documentación requirida o 17 de setembro, dentro do prazo concedido e. outra parte (acreditación da solvencia económica e Anexo IV do PCAP) o 20 de setembro de 2021 (fóra de prazo).

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de setembro de 2021, admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



Concello de Vigo

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 23 de agosto de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación do 2 de setembro polo que se outorga a este licitado a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula por ser o único admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a QUER SYSTEM INFORMÁTICA, S.L. (B-73.105.231) o procedemento aberto para a contratación do servizo mantemento de licencias “Zimbra Collaboration Network Edition” e o soporte do sistema de correo electrónico corporativo Zimbra (9.550-113) por un prezo total de 19.208,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.333,75 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(856).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 . EXPTE. 6650/241.

Dáse conta do informe-proposta do 20/09/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321), adxudicado a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2017, a favor de CONTACTNOVA, S.L.U. (B-36.819.456).

2º.- A cesión quedará condicionada á súa formalización en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

3º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase con efectos do día 15 de setembro de 2021.

4º.- Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 36.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017).

5º.- Notificar este acordo aos interesados”.

II.- O acordo notificouse aos interesados o 13 de setembro de 2021.

III.- Con posterioridade á notificación do acordo detectouse un erro no importe da garantía constituída por GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. no fundamento xurídico III e no punto 4º da parte dispositiva, nos que se indica un importe de 36.608,00 euros en lugar de 38.608,00 euros, contía depositada polo cedente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos



Concello de Vigo

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro de transcripción no importe da garantía constituída por GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. no fundamento xurídico III e no punto 4º da parte dispositiva, nos que se indica un importe de 36.608,00 euros en lugar de 38.608,00 euros como figura na operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017, contía esta última que coincide co importe depositado polo cesionario, CONTACTNOVA, S.L.U.

-II-

Competencia

A competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o punto 4º do acordo de autorización de cesión do contrato do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321), adoptado o 10 de setembro de 2021:

Onde di:

“Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 36.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017)”.

Debe dicir:

“Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 38.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017)”.

2º.- Notificar este acordo aos interesados”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(857).- SEGUNDA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E AS ENTIDADES QUE ESTABLECERON UN MARCO DE COLABORACIÓN MUTUA NO

DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS “ACHÉGATE AO DEPORTE 2019-2023”.EXPTE. 2837/611.

Visto o informe xurídico do 24/09/21 e o informe de fiscalización do 27/09/21, dáse conta do informe-proposta do 24/09/21, asinado polo técnico de Deportes, o adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 30 de agosto de 2019 prestou a probación ao programa municipal de escolas deportivas “achégate ao deporte 2019-2023” as bases de selección de proxectos, e o Convenio marco de colaboración (expediente número 2837/611)

Ao abeiro de dito programa foron seleccionadas 57 entidades (expte 2837/611) procedendo en data 30.09. 2019 a formalización dos convenios coas seguintes entidades

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF	Expediente
R.C. CELTA ATLETISMO	G-36945319	4355-611
COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	4302-611
AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO	G-36645109	4362-611
BADMINTÓN CIES	G-36827418	4318-611
CLUBE AL COMPAS	G-27711597	4300-611
CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	4331-611
CLUBE DEPORTIVO BOSCO	G-36692317	4328-611
CLUB AMFIV	G-36711380	4310-611
CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL	G-36948115	4356-611
CLUB BALONMÁN RECONQUISTA VIGO	G-27871375	4324-611
UNIÓN BALONMANO LAVADORES	G-36810075	4340-611
CARBALLAL	G-36686376	4301-611
GALICIA SOCIAL	G-36622934	4345-611
CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	4315-611
CLUB ESGRIMA DE VIGO EL OLIVO	G-36869873	4305-611
CLUB POLIDEPORTIVO ALERTA NAVIA	G-36649283	4329-611
INDEPENDIENTE C.F	G-36710416	4344-611
U.D . SANTA MARIÑA	G-36628774	4342-611



Concello de Vigo

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF	Expediente
BALAIOS C.F.	G-36737724	4308-611
CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	4320-611
ARENAS DE ALCABRE	G-36823912	4339-611
ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	4330-611
MOSTEIRO B EMBRIVE F.S.	G-36886422	4335-611
PECHECHES F.S.	G-27778521	4303-611
PASOS DE BAILE	G-27750371	4373-611
TRAVIASAS HOCKEY CLUB	G-36680239	4319-611
ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE	G-36684850	4311-611
CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED	G-36571123	4317-611
FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO	G-15109267	4357-611
KARATE CLUB TRAVIASAS	G-36847952	4427-611
KAYAK VIGO	G-36978559	4332-611
CLUB DE LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	4341-611
CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO	G-36955565	4321-611
CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICA DE VIGO	G-36645091	4312-611
CLUB CASTRELOS PAT. ARTISTICA	G-36811974	4309-611
CLUB PATÍN VAGALUME	G-36982304	4347-611
CLUB PATINAXE ARTISTICA CORUXO	G-27865831	4313-611
PATINAXE BALAIÓS	G-27846864	4314-611
CLUBE FREESTYLE	G-27722305	4337-611
PIRAGÜISMO OLIVICO	G-27822006	4336-611
REMO VIGO	G27852896	4360-611
VIGO RUGBY CLUB	G-36680924	4304-611
CIES SQUASH	G-27869437	4348-611
CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812	4346-611
A.D. BUDO CASTRELOS	G-36680106	4343-611
FEDERACION GALLEGA DE TENIS	G-15102767	4323-611
ILLAS CIES TENIS DE MESA	G-27849090	4372-611

Entidade deportiva que asinou o Convenio	CIF	Expediente
CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	4338-611
CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO	G-27730597	4333-611
CLUB VIGO VOLEIBOL	G-36658219	4326-611
CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS	G-36713493	4322-611
AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADREZ	G-36918464	4349-611
CLUB FLIC-FLAC	G-36931582	4316-611
CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	4334-611
CLUB MANIOTAS	G-36684819	4354-611

As entidades deportivas que solicitan a renovación do convenio son R.C. CELTA ATLETISMO (G-36945319), COMESAÑA SPORTING CLUB (G-36645257) AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (G-36645109), BADMINTÓN CIES (G-36827418), CLUBE AL COMPAS (G-27711597), CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL (G-36942142), CLUBE DEPORTIVO BOSCO (G-36692317), CLUB AMFIV (G-36711380), CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL(G-36948115), CLUB RECONQUISTA (G-27871375), UNIÓN BALONMANO LAVADORES (G-36810075), CARBALLAL (G-36686376), GALICIA SOCIAL(G-36622934), CLUB CICLISTA VIGUES (G-36650885), CLUB ESGRIMA EL OLIVO (G-36869873) CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA (G-36649283), INDEPENDIENTE C.F (G-36710416), U.D . SANTA MARIÑA (G-36628774), BALAIOS C.F. (G-36737724), CLUB SAN ROQUE CASABLANCA (G-36763084), ARENAS DE ALCABRE (G-36823912), ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 (G36982239), MOSTEIRO BEMBRIVE (V-36886422) , PECHECHES F.S. (G27778521) , PASOS DE BAILE (G27750371), HOCKEY CLUB TRAVIESAS (G-36680239), ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE (G-36684850), CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED (G-36571123), FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO (G-15109267), KARATE CLUB TRAVIESAS (G-36847952) KAYAK VIGO (G-36978559), CLUB DE LOITA SAN IGNACIO (G-36708303), CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO (G-36955565), CLUB CARPA (G-36645091), CLUB CASTRELOS PAT. ARTISTICA (G-36811974), CLUBE VAGALUME (G-36982304), CLUB PATINAXE ARTISTICA CORUXO (G-27865831), PATINAXE BALAIÓS (G27846864), CLUBE FREESTYLE (G27722305), PIRAGÜISMO OLIVICO (G-27822006), REMO VIGO (G27852896), VIGO RUGBY (G-36680924), CIES SQUASH (G-27869437), CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO (G-27763812), A.D. BUDO CASTRELOS (G-36680106), FEDERACION GALLEGA DE TENIS (G-15102767), ILLAS CIES TENIS DE MESA (G-27849090), CLUB ARQUEROS NITO RUIZ (G-36807881), CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO (G-27730597), CLUB VIGO VOLEIBOL (G-36658219), CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS (G-36713493), AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADREZ (G-36918464), CLUB FLIC-FLAC (G-36931582), CLUB SIEIRO (G-36846608), CLUB MANIOTAS (G-36684819).

Tal e como se establece en cada convenio asinado na cláusula décimo novena poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.



Concello de Vigo

Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

Os convenios asináronse por cada unha das entidades e a Concellería de Deportes en data do 31 de setembro de 2019, día a partir do cal comezou a súa vixencia.

A 1º prórroga aprobouse na xunta de goberno local do 2 de Outubro de 2020.

Consta por rexistro electrónico, escrito das entidades solicitando a colaboración e renovación para o Programa Municipal de Escolas Deportivas no ano 2021-2022.

Fundamentos de dereito

A configuración actual pola que se estrutura o Programa Municipal de escolas deportivas en colaboración cas entidades deportivas, da cumprimento o marco establecido respecto o fomento do asociacionismo deportivo e a cooperación con entidades públicas ou privadas por parte das entidades locais, polo que permite o cumprimento das competencias municipais en materia deportiva.

Así mesmo, tanto as entidades deportivas como as federacións aportan unha estrutura consolidada que soamente elas teñen definida no marco xurídico deportivo actual, e que posibilita a participación dos alumnos en competicións deportivas de carácter oficial, a continuidade deportiva de forma correlativa nas diferentes categorías base.

O Concello de Vigo e as Entidades deportivas teñen por obxecto o desenvolvemento e promoción das modalidades deportiva, e tendo en conta a finalidade común de ambas partes, orientada a satisfacer o interese público de promover a actividade física e o deporte dende a idade escolar, sendo competencia do Concello de Vigo a planificación e xestión da promoción deportiva e dispoñendo as entidades deportivas do soporte técnico e operativo preciso para garantir o correcto desenvolvemento do Programa Municipal de escolas deportivas, actividades formativas e as competicións, considerase procedente establecer un marco de colaboración entre ambas partes que regule as actuacións comúns precisas para a súa organización.

A execución e inicio do Programa Municipal de Escolas Deportivas estará sempre supeditado as medidas vixentes de seguridade e de prevención como consecuencia da evolución epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, podéndose establecer unha suspensión do mesmo se as condicións non permiten a viabilidade da actividade, esta suspensión poderá realizarse a través dunha resolución do Concelleiro de Deportes.

Por outra banda, o réxime xurídico aplicable ó convenio que os ocupa ao tempo da súa subscripción, constituído art. 48 e ss da lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime Xurídico

do Sector Público, artigo 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, art. 86 da lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública.

Asi mesmo, o presente convenio queda excluído do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 9/2017, de 8 de novembro.

Polo exposto, non se observa impedimento legal na prórroga do citado convenio de colaboración que deberá adoptarse antes do inicio do curso 2021-2022 o vindeiro 1 de Outubro de 2021.

É competente para a aprobación da prórroga do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. Ó órgano competente para a adopción do acordo de prórroga é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades atribuídas por Resolución da Alcalde de data 17.08.2020 e materia de aprobación de convenios de colaboración.

A financiación prevista de esta prórroga realízase con cargo a partida 3420.226.09.01 de “escolas deportivas” é de 308.149,38 €, e na partida 3420.2240001 de “seguros de escolas deportivas” é de 65.000,00 €, un total de 373.149,38 €. A previsión de gasto do Programa 2021-2022 nos presupostos de 2021 e nos presupostos de 2022 estímense en:

		ORZAMENTO 2021	
Programa Municipal 2020-2021	Convenios: Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril Maio 2021:	163.186,93 € € Programa Suspendido	
	Gastos Xerais: Publicidade, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril/Maio/Xuño/Xullo/Agosto/Setembro de 2021.	35.396,95 €	
Programa Municipal 2021-2022	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/Novembro/Diciembre 2021:	<u>82.592,89 €</u>	
	Período: Outubro/ Novembro/ Diciembre 2021:	<u>99.435,60 €</u>	
			ORZAMENTO 2022
	Período: Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril Maio 2022		<u>167.421,86 €</u>
	Gastos Xerais: Publicidade, asistencia técnica, Material e seguros Clausuras. Xaneiro/Febrero/Marzo/Abril/Maio/Xuño/Xullo/Agosto/Setembro de 2022.		<u>36.104,89 €</u>
Programa Municipal 2022-2023	Gastos Xerais: Seguro, asistencia técnica, material deportivo. Outubro/Novembro/Diciembre 2022:		84.244,74 €
	Período: Outubro, Novembro, Marzo 2022		100.453,12 €
	TOTAL	380.612,37 €	388.224,61 €



Concello de Vigo

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar a segunda prórroga por un ano, dende o 1 de Outubro de 2021 ata o 30 de Setembro de 2022, do convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e as entidades que estableceron un marco de colaboración mutua, que aparece no anexo I deste informe, para o desenvolvemento do Programa Municipal de Escolas Deportivas “Achégate ao deporte 2019-2023” aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de Agosto de 2019, e asinado por todas as entidades deportivas o 30 de Setembro de 2019.

Segundo.- Aprobar o gasto previsto de esta segunda prórroga que se realiza con cargo a partida 3420.226.09.01 por importe de 99.435,60 € para os meses de Outubro, Novembro e Decembro e de gastos xerais nos meses de Outubro, Novembro e Decembro 2021 por importe de 82.592,89 € no orzamento de 2021, e por importe de 167.421,86 € para os meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril e Maio de 2022 e gastos xerais nos meses de Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño, Xullo, Agosto e Setembro de 2022 por importe de 36.104,89 € con cargo a partida 3420.226.09.01 no presuposto de 2022.

Terceiro.- Aprobar o texto da adenda de prórroga do Convenio de colaboración (anexo I) para o desenvolvemento do “Programa municipal Achégate ao deporte 2019-2021” que se asinará coas entidades deportivas: R.C. CELTA ATLETISMO (G-36945319), COMESAÑA SPORTING CLUB (G-36645257) AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO (G-36645109), BADMINTÓN CIES (G-36827418), CLUB AL COMPAS (G-27711597), CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL (G-36942142), CLUBE DEPORTIVO BOSCO (G-36692317), CLUB AMFIV (G-36711380), CLUB BALONMANO SEIS DO NADAL (G-36948115), CLUB RECONQUISTA (G-27871375), UNIÓN BALONMANO LAVADORES (G-36810075), CARBALLAL (G-36686376), GALICIA SOCIAL (G-36622934), CLUB CICLISTA VIGUES (G-36650885), CLUB ESGRIMA EL OLIVO (G-36869873) CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA (G-36649283), INDEPENDIENTE C.F (G-36710416), U.D . SANTA MARIÑA (G-36628774), BALAIOS C.F. (G-36737724), CLUB SAN ROQUE CASABLANCA (G-36763084), ARENAS DE ALCABRE (G-36823912), ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015 (G36982239), MOSTEIRO BEMBRIVE (G-36886422), PECHECHES F.S. (G27778521), PASOS DE BAILE (G27750371), HOCKEY CLUB TRAVIESAS (G-36680239), ATLÁNTICO HOCKEY CLUBE (G-36684850), CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER BLUE RINGED (G-36571123), FEDERACIÓN GALEGA DE IUDO (G-15109267), KARATE CLUB TRAVIESAS (G-36847952) KAYAK VIGO (G-36978559), CLUB DE LOITA SAN IGNACIO (G-36708303), CLUB LOITA CIUDAD DE VIGO (G-36955565), CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICO VIGO (G-36645091), CLUB CASTRELOS PAT. ARTÍSTICA (G-36811974), CLUB PATÍN VAGALUME (G-36982304), CLUB PATINAXE ARTÍSTICA CORUXO (G-27865831),

PATINAXE BALAÍDOS (G27846864), CLUBE FREESTYLE (G27722305), PIRAGÜISMO OLIVICO (G-27822006), REMO VIGO (G27852896), VIGO RUGBY (G-36680924), CIES SQUASH (G-27869437), CLUB NAT. SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO (G-27763812), A.D. BUDO CASTRELOS (G-36680106), FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS (G-15102767), ILLAS CÍES TENIS DE MESA (G-27849090), CLUB ARQUEROS NITO RUIZ (G-36807881), CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO (G-27730597), CLUB VIGO VOLEIBOL (G-36658219), CLUB VOLEIBOL XUVENIL TEIS (G-36713493), AS. ESCOLA PROVINCIAL DE XADRÉZ (G-36918464), CLUB FLIC-FLAC (G-36931582), CLUB SIEIRO (G-36846608), CLUB MANIOTAS (G-36684819).

Cuarto.- Facultar ao concelleiro de deportes á formalización do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

ADENDA DE PRÓRROGA DEL CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O DENTRO DO PROGRAMA MUNICIPAL ACHÉGATE O DEPORTE 2019-2023. (exp 2837-611)

En Vigo, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte: D. _____ , como Concelleiro
Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (por delegación do
Alcalde en resolución do ___ de _____ de 2019)

Doutra parte: D. _____ , con DNI: _____ como
representante legal da entidade:

Ambas partes recoñecen a súa competencia e capacidade, respectivamente para formalizar o presente convenio de colaboración en materia deportiva.

EXPOÑEN

PRIMERO.- Que con data 30 de Setembro de 2019, asinouse o Convenio de colaboración entre a Concellería de deportes para a inclusión da escola deportiva da



Concello de Vigo

entidade dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas que foi obxecto dunha primeira prórroga por acordo da Xunta de Goberno local de data 2 de Outubro de 2020.

SEGUNDO.- Que poderá prorrogarse ano a ano durante un máximo de 3 prórrogas, por acordo expreso da Xunta de Goberno Local, se ambas partes manteñen a colaboración no Programa Municipal de Escolas Deportivas seguindo o establecido no artigo 49.h da lei 40/2015 do 1 de Outubro, de réxime xurídico do sector público.

Estas prórrogas deberán ser autorizadas expresamente polo servizo de deportes e soamente poderán sufrir modificacións organizativas e de actualización de datos das entidades deportivas.

CUARTO.- Que ambas partes encóntranse satisfeitas dos resultados acadados por dito convenio, recoñecen mutuamente o bo cumprimento e desexan prorrogar o mesmo.

QUINTO.- Que co fin de dar continuidade a prestación do obxecto de dito Convenio, as partes asinantes de esta Adenda de Prórroga, estiman necesario continuar con dita colaboración polo período dun ano dende a sinatura deste convenio, de conformidade a seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Acordan a segunda prórroga por un ano do Convenio de Colaboración suscrito o 30 de setembro de 2019 entre a Concellería de deportes para a inclusión da escola deportiva da entidade dentro do Programa Municipal de Escolas Deportivas.

Polo tanto, os efectos da presente Adenda deste Convenio de Colaboración estenderanse desde o día 1 de Outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022.

SEGUNDA.- Comprométense a continuar desenvolvemento as actuacións previstas nas cláusulas, primeira, segunda, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima, oitava, novena, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira, décimo cuarta, décimo quinta, décimo sexta, décimo sétima, décimo oitava e décimo novena, dirixidas a dar continuidade o obxecto do convenio de colaboración e asinadas o 30 de Setembro de 2019.

TERCEIRA.- As obrigas asumidas entre as partes asinantes entenderanse vixentes ata a extinción da presente Adenda o 30 de Setembro de 2022.

En proba de conformidade, e para que conste a os efectos oportunos, as partes asinan e rubrican todas as súas follas por duplicado no presente Acordo de Prórroga, no lugar e datas sinaladas no encabezamento.

11(858).- PAGAMENTO DIETAS POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO FORMAWEB IV. EXPTE. 18668/77.

Visto o informe de fiscalización do 20/09/21, dáse conta do informe-proposta do 15/09/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 21 do Martes, 2 de febreiro de 2021, consta publicada a ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353B)

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2021, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego FORMAWEB IV", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 17998-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 01 de marzo de 2021.

V. Con data 29 de xuño de 2021, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución da xefa territorial do servizo de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, concedendo a subvención por importe total de 369.492,32€ para a realización do obradoiro denominado "FORMAWEB IV" que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 16 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

VI. Con data 30 de xuño de 2021, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida.

1. Aprobar as bases de selección do EQUIPO DIRECTIVO (experto/a docente, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro de emprego FORMAWEB IV (cofinanciado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 26/06/2021, ao abeiro da *Orde de 31 de decembro de 2020* (DOG núm. 21, de 2 de febreiro de 2021) *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións* para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, co número de expediente 36/00004/2021, polo



Concello de Vigo

importe de **369.492,32 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

2. Encomendar ao concelleiro-delegado da área de Cultura e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do equipo directivo Obradoiro de Emprego “FORMAWEB IV”.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN emitiu a CIRCULAR NÚM. 6/2021 de data 15/06/2021, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado do Obradoiro de Emprego FORMAWEB IV.

VIII. A través do expedientes 18306/77 e 18307/77, se tramitaron os procesos e as bases de selección do EQUIPO DIRECTIVO e do ALUMNADO TRABALLADOR do obradoiro de Garantía Xuvenil FORMAWEB IV.

IX. Por resolución do concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 28 de xullo de 2021, aprobouse a composición da Comisión de Selección do equipo-directivo, composta po (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dous asesores/as) que percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal:

Presidente	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa servizo
Secretaria	Rosa M. ^a Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica Xestión
Vogal	Pedro M ^a Vázquez Iglesias	Funcionario	A2	Técnico Medio Act. Culturais e Educativas
Suplentes	M ^a Isabel Fernández Gabriel	Funcionario	A1	Técnica Adm. Xeral
	Belén Pérez Barreiro	Funcionario	A2	Técnico Servizos Econ.
Asesores				
	Sonia Rodríguez Ricart	Laboral	A2	Administradora Vigo Emprega
	Sonia M ^a Martínez Alonso	Laboral	A2	Orientadora laboral/Técnica de emprego

X. Con data 04/08/2021 e 06/08/2021, respectivamente, aprobábase a acta final da selección do EQUIPO-DIRECTIVO do O.E. FORMAWEB IV, establecéndose a orde de prelación das persoas seleccionadas e a listaxe de reserva dos suplentes.

En base as consideracións expostas, unha vez rematado o proceso de selección e de acordo coas actas e a publicación dos anuncios cos resultados do proceso de selección, determinábase a relación de perceptores das devanditas asistencias á Comisión, que deseguido se relacionan:

PROCESO SELECCIÓN EQUIPO-DIRECTIVO O.E. FORMAWEB IV					
			Asistencias	Dietas	Entrevista persoal
	DNI	Nome e apelidos	N.º días		28/07/2021
Presidenta	36155551B	M ^a Isabel Fernández Gabriel	1	45,89 €	1
Vogal	11904805M	Pedro M ^a Vázquez Iglesias	1	42,83 €	1
Secretaria	76965736P	Rosa M. ^a Otero Malvárez	1	45,89 €	1
			TOTAL	134,61 €	
Persoal técnico asesor	36084378T	Sonia Rodríguez Ricart	1	42,83 €	1
Persoal técnico asesor	36126223P	Sonia M ^a Martínez Alonso	1	42,83 €	1
			TOTAL	85,66 €	
	TOTAL COMISIÓN SELECCIÓN			220,27 €	

O importe total de dietas a aboar aos compoñentes da Comisión de Selección supón a cantidade de **134,61 €**.

O importe total de dietas a aboar aos asesores técnicos, supón a cantidade de **85,66 €**.

O gasto total por importe de **220,27 €** (**134,61 €** de compoñentes da Comisión de Selección e de **85,66 €** asesores técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **2410.2330000** de “Dietas de tribunais”

PROPOSTA

Á vista do exposto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e



Concello de Vigo

Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020 e modificacións posteriores, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1. Comprometer o gasto de **220,27 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000 de "Dietas de tribunais"**.

2. Aboar as cantidades que se indican a continuación aos perceptores, que se relacionan, en concepto de asistencias á Comisión de selección do EQUIPO-DIRECTIVO do O.E. FORMAWEB IV.

Comisión de Selección:

			Asistencias	Dietas	Entrevista persoal
	DNI	Nome e apelidos	N.º días		28/07/2021
Presidenta	36155551B	M ^a Isabel Fernández Gabriel	1	45,89 €	1
Vogal	11904805M	Pedro M ^a Vázquez Iglesias	1	42,83 €	1
Secretaria	36155551B	M ^a Isabel Fernández Gabriel	1	45,89 €	1
			TOTAL	134,61 €	

Asesores técnicos:

Persoal técnico asesor	36084378T	Sonia Rodríguez Ricart	1	42,83 €	1
Persoal técnico asesor	36126223P	Sonia M ^a Martínez Alonso	1	42,83 €	1
			TOTAL	85,66 €	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(859).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA PARA DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOGÍAS DO METAL (MINDTECH-2021. EXPTE. 18268/77.

Visto o informe de fiscalización do 21/09/21, dáse conta do informe-proposta do 06/09/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

Así mesmo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a inserción laboral e a creación de emprego, así como a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e súa contorna, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

En desenvolvemento das actuacións previstas, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, tense tramitado coa Deputación de Pontevedra, o convenio de colaboración asinado en expte. 18223/77 para desenvolvemento da Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal (Mindtech-2021), aprobado pola XGL de datas 29 de xullo de 2021 e resolución de XGL de data 27 de agosto 2021, de modificación de anexo-convenio, para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias do Metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas.

Unha vez asinado o referido convenio, o concello debe tramitar o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME, CIF G36614774, titular da organización da citada Feira), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do referido convenio.

II. A "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME)" (G36614774), achega memoria para a realización da primeira FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021", remitida en data 25/05/2021 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W554119-1880), xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á AEAT expedido en data 09/04/2021.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 09/04/2021.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 08/04/2021.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia.
- declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado para fomento do emprego.



Concello de Vigo

- memoria do proxecto subvencionado
- orzamento de ingresos e gastos

III. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta creada a partida 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", da área de Cultura e Emprego.

IV. En data 12/08/2021, o Concelleiro de Cultura e Emprego, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME" (G36614774), dun convenio para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021 .

V.- A tal efecto, consta no expediente memoria xustificativa do convenio, asinada pola técnica de administración xeral, co conforme do Concelleiro de Cultura e Emprego, e borrador de convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000 € á "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME" (CIF G36614774), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2021), celebrada os días 14,15 e 16 de setembro de 2021, cara a dinamización e fomento do emprego.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e cultural, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente,

documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá.

Pola outra parte, asinará o convenio don Justo Sierra Rey, na súa condición de presidente da asociación, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.



Concello de Vigo

V. Normativa de aplicación:

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 100.000,00 € imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma

proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774).

Segundo.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 “FEIRA METAL_MINDTECH”, dos que 55.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2021 e 45.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra conforme ao convenio asinado en expte. 18223/77 e, comprometer o mesmo a favor da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, don Abel Losada Álvarez, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774) PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021”

En Vigo, data segundo sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Justo Sierra Rey, actuando en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, con CIF G36614774 con sede en Vigo na Avenida do Doutor Corbal, nº 51, no seu nome e representación.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña , en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

Que o Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura e Emprego asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- Que a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar e que consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1222-14, organiza a segunda Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021 (Metal Industry and Technologies International Trade Fair), a feira industrial referente no Polo Ibérico celebrada en Vigo do 14 ao 16 setembro de 2021.

II. Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíuse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal, polo que esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente a capacidade das industrias do metal do noso entorno, e os valores turísticos de Vigo e das Rías Baixas, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que teñen unha incidencia internacional, e as converten nun gran escaparate para as cidades que as promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación, tendo participado na mesma profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estruturas Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc.

III. Que para o desenvolvemento desta iniciativa o Concello de Vigo conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra, en virtude do convenio de colaboración asinado en expte. 18223/77 para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias do Metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración da primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2021, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.



Concello de Vigo

- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

IV. Que segundo a memoria remitida pola entidade en data 27/05/2021 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W554728-3449), a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME" conta na actualidade con máis de 600 empresas asociadas representativas das actividades de automoción, metalmecánica e transporte; naval, marítima, e enerxías marinas; construcións e estruturas metálicas; aeronáutica; aluminio: extrusión, carpintería e cerramentos; ascensores e elevadores; servizos complementarios: logística, sistemas de información e comunicación e é por isto, polo que ASIME asume o liderazgo, en atención aos seus obxectivos e competencias, na creación da primeira Feira MindTech, a fin de potenciar e promocionar o sector industrial e metalúrxico galego, na que as empresas locais poidan amosar todo o potencial que se ten en Galicia, creando oportunidades de negocio tanto locais, coma nacionais e internacionais, dándose cita na feira as empresas líderes do sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas, a nivel nacional e internacional.

V. Que o Concello de Vigo considera que a FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021 ten un interese público, económico e social en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, que estiman unhas cifras de inversión na cidade por mor do evento que reflicten que o gasto aproximado en negocios e establecementos locais se cifra nun total de aproximadamente 2.000.000 €. Que se espera unha cifra de 5.000 visitantes diarios, que sumados aos 800 traballadores das empresas expositoras e os 50 compradores internacionais darían un total de 6.000 persoas movilizadas por día. Dese total, se estima que un 35% dos participantes non pertencen á área metropolitana Viguesa. Por outro lado, tense analizado a estimación de creación de negocio da feira, indicando que de varios análisis realizados pola organización a feira creará colaboracións e negocio entre empresas por un valor perto dos 5.000.000 €.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2021 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2021, unha subvención directa por razóns de interese público, económico e social, como é a celebración da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021.

VII.- Que a "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA", con CIF G36614774, non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VIII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, con CIF G36614774 comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Cultura e Emprego do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego no sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas, e ao fomento do emprego directo e indirecto, derivado da organización da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021, contribuíndo ao mantemento dos postos de traballo da Asociación en Vigo adicados á organización do evento e á dinamización da actividade económica da cidade e fomento de emprego derivado da organización da feira internacional a través dos provedores locais contratados: instaladores/montadores, servizos de limpeza, publicidade e maquetación, audiovisuais, e ao impacto na hostalería e comercio.

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2º.- Conceder á “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” unha subvención por importe de 100.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadunar ao financiamento da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2021, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade:

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Concello de Vigo

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación no ano 2021.

Séptimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **31 de outubro de 2021** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente..

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- Solicitude de abono da subvención.

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descriptiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificaranse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.



Concello de Vigo

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.-Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2021, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura e Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, na data da sinatura dixital



Concello de Vigo

13(860).- BASES DE SELECCIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VII (36/00030/2021). EXPTE. 18685/77.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta do informe-proposta do 22/09/21, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 22 do Mércores, 3 de febreiro de 2021, consta publicada a Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de maio de 2021, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 18011-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 3/03/2021.

III. Con data do 10 de setembro de 2021, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VII" por resolución da Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde de 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), co número de expediente 36/00030/2021 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **346.946,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

VI. Con data 14 de setembro de 2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a proposta de aceptación da subvención concedida a cal foi aprobada pola Xunta de Goberno Local con data 22/09/2021.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN emitiu a CIRCULAR NÚM. 6/2021 de data 15/06/2021, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. BASES REGULADORAS



Concello de Vigo

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 22, de 03-02-2021), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita consellería.

Poderán ser persoas beneficiarias participantes neste programa aquelas que, estando desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, teñan unha idade igual ou superior aos dezaioito anos.

IV. CUSTES SALARIAIS DO ALUMNADO TRABALLADOR

As retribucións salariais nos contratos para formación e a aprendizaxe subscritos co alumnado participante no obradoiro serán o Salario Mínimo Interprofesional anualmente establecido tal e como establece a Orde do (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021), incluída a parte proporcional dunha paga e media extraordinaria.

V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste no desenvolvemento dun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante (HOTR0608)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste obradoiro:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos están a disposición nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior

servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra” e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almozos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABAJO

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

- 10 prazas na especialidade de Cociña Nivel 2
- 10 prazas na especialidade de Servizos de Restaurante Nivel 2

A base 3ª dispón que os/as alumnos/as-traballadores/as seleccionados pola Comisión de selección serán contratados/as polo Concello de Vigo na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe e os contratos de traballo serán a xornada completa non podendo exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses).

Xa que logo, para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe de acordo co previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

A formación para impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2, polo que será necesario que o perfil do alumnado se adecue aos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os devanditos certificados respectivamente:

- (HOTR0408) COCIÑA: RD 1376/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 619/2013, de 2 de agosto.

- (HOTR0608) SERVICIOS DE RESTAURANTE: RD 1256/2009, de 24 de julio, modificado por el RD 685/2011, de 13 de mayo y el RD 619/2013, de 2 de agosto.

VII. SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego, que será elaborada pola Comisión de selección, unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, e remitida mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego, para que se remita a listaxe de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento de acordo cos parámetros de sondaxe reflectidos nas bases.



Concello de Vigo

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós/ás candidatos/as a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a **SOLICITUDE**, e a achega imprescindible da documentación acreditativa dos méritos.

3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos/as desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 18 puntos. (50 % da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo de acordo cos criterios reflectidos en ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 18 puntos. (50 % da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicaranse nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

3. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

4. A listaxe de alumnos-traballadores propostos pola entidade promotora será remitida á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumpriese ditos requisitos a oficina de emprego comunicarallo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do alumnado-traballador do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que

se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

VII. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A resolución recibida en data 10 de setembro de 2021 de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VII", polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas (Cociña e Servizos de restaurante), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 experto/a/s docentes.

Da cantidade global de concesión da subvención (346.946,00 €), 125.568,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 221.378,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

A Intervención Xeral Municipal en data 19/09/2021 emitiu informe favorable con motivo da aceptación da subvención concedida en expte. 18673/77 sinalando que: "*A realización de gastos financiados con subvencións finalistas concedidas por outras Administracións Públicas non ten repercusión sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que supón o recoñecemento dun dereito no estado de ingresos do orzamento e dunha obriga de gasto pola mesma contía, nin sobre o cumprimento do obxectivo da regra de gasto xa que precisamente non ten a consideración de gasto computable a parte do gasto financiada con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.*"

O procedemento de xeración de crédito da subvención concedida tramitarase en expediente incoado a tal efecto polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda no concelleiro delegado da área de Cultura e Emprego da realización das sucesivas actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do alumnado -traballador obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VII.

X. RÉXIME DE RECURSOS



Concello de Vigo

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1. **Aprobar as bases de selección** do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VII (cofinanciado pola consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 10/09/2021, ao abeiro da *Orde de 31 de decembro de 2020* (DOG núm. 22, de 3 de febreiro de 2021) *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, co número de expediente 36/00030/2021, polo importe de **346.946,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.
2. **Encomendar ao concelleiro-delegado** da área de Cultura e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do alumnado traballador do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VII".

3. Dar traslado do presente acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO- TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VII (TR353A) EXPTE. 36/00030/2021.

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 22 do Mércores, 3 de febreiro de 2021, consta publicada a Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de maio de 2021, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 18011-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 3/03/2021.

III. Con data do 10 de setembro de 2021, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VII" por resolución da Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da ao abeiro da Orde de 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), co número de expediente 36/00030/2021 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **346.946,00 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.



Concello de Vigo

VI. Con data 14 de setembro de 2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a proposta de aceptación da subvención concedida a cal foi aprobada pola Xunta de Goberno Local con data 22/09/2021.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN emitiu a CIRCULAR NÚM. 6/2021 de data 15/06/2021, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación. Así mesmo, as ditas actuacións cumprirán cos requisitos mínimos e cos criterios de preferencia establecidos nas correspondentes ordes de convocatoria e instrucións. A entidade promotora deberá establecer as normas de constitución e funcionamento do órgano de selección correspondente.

Polas consideracións expostas é necesario proceder á elaboración e aprobación das bases que rexen o proceso de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR do Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VII:

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “ VIGO CAPACITA VII”

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da Orde de 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado-traballador participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

10 prazas na especialidade de Cociña **Nivel 2**.

10 prazas na especialidade de Servizos de Restaurante **Nivel 2**

Segunda.- OBRIGAS DOS/AS SELECCIONADOS/AS.

- a) Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- b) Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- c) Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- d) Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.-RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados pola Comisión de selección serán contratados polo Concello de Vigo na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.
2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderán exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha **duración de nove meses**).

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

.a) REQUISITOS XERAIS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
2. **Adaptabilidade** á oferta dos postos que se van desempeñar.

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter **18 ou máis anos de idade**.
2. Estar **desempregado/a**, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego **rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego**.
3. Cumprir os requisitos establecidos na **normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe**, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e de conformidade co disposto na disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
4. **Cumprir cos requisitos de acceso** sinalados nos reais decretos que regulan os respectivos certificados de profesionalidade de **nivel de cualificación 2**.

c) REQUISITOS PREFERENTES:

- Aqueles/as aspirantes que non teñan participado noutro obradoiro de emprego.



Concello de Vigo

- Persoa que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

- Mulleres vítimas de violencia.
- Emigrantes retornados
- Mulleres en xeral
- Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. Falsear os datos do cuestionario.
4. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
5. **Posuír xa a formación do certificado de profesionalidade a impartir no obradoiro de emprego, total ou parcialmente**

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada pola Comisión de selección e asinada polo seu presidente ou en quen delegue, tramitarase unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, solicitando mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego que se remita o listado de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Concello de Vigo. De non atoparse candidatos/as suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: **3 por posto**, cun nivel profesional de **PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª**.

Preferencia aqueles/as que non teñan participado noutro obradoiro de emprego.

4. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós/ás candidatos/as a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a **SOLICITUDE**, e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- **Fotocopia do DNI actualizado.**
- **Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)**
- **Acreditación da maior Titulación académica adquirida.**
- **Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).**
- **Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).**
- **Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.**
- **Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).**

As **SOLICITUDES** deberán presentarse o día indicado, tendo que achegar, nese momento, **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS aos candidatos remitidos, se así o considerase oportuno a Comisión de selección.

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes a Comisión de selección valorará unicamente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e mínimos alegados polos aspirantes e imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional dos admitidos e excluídos.

Se, unha vez avaliadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o grupo de selección poderá citar a mais candidatos para contar con dúas persoas por praza na fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participante.

A restante documentación presentada polos candidatos será avaliada na Fase de valoración de méritos posterior á publicación dos resultados obtidos na fase de entrevista.

Esta declaración provisional de admitidos farase nunha sesión do grupo de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán os aspirantes admitidos e excluídos provisionalmente.

Exporase a relación provisional dos admitidos e excluídos ao proceso de selección nos taboleiros de anuncios (electrónico e físico) do Concello de Vigo e da oficina de emprego, indicando lugar, data e hora que se concede para formular as alegacións (con carácter xeral, outorgarase o prazo de 1 día hábil seguinte á publicación do listado).

Rematado o prazo de alegacións, o grupo de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e a relación definitiva de admitidos, coa convocatoria a entrevista na páxina web da entidade promotora e nos taboleiros da entidade promotora e da oficina de emprego.

De non haber candidatos excluídos na listaxe publicada de admitidos incluírase o lugar, data e hora das entrevistas e elevarase automaticamente a definitiva a relación dos admitidos.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos/as desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa



Concello de Vigo

adequación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 18 puntos. (50 % da puntuación total, como máximo).

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo de acordo cos criterios reflectidos en ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 18 puntos. (50 % da puntuación total, como máximo).

A Comisión de selección procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

2. A listaxe de alumnos-traballadores propostos pola entidade promotora será remitida á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos alumnos propostos non cumprixe ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do alumnado-traballador do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que o alumnado que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección dos/as participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

- 1. Non ter participado noutro programa mixto de emprego**
- 2. Teñan o menor nivel académico**
- 2. Teñan a menor idade.**
- 3. Teñan menor protección de desemprego.**

Novena.- LISTA DE RESERVA.

1. Rematado o proceso selectivo, a Comisión de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. De non haber candidatos/as, iniciarase un novo procedemento selectivo.

3. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, iniciarase un novo procedemento de selección.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 14º da orde do 27 de decembro de 2019 (DOG 22-01-2020) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Undécima.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público.

A Comisión de selección estará composta por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dous asesores/as)



Concello de Vigo

A/O secretaria/o, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia e elaboración de actas e acordos.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Cultura e Emprego xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á Concellería de Cultura e Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

ANEXO- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____
Nome _____
DNI _____ Teléfono de contacto _____
Correo _____

Persoa participante no proceso selectivo de alumnos-traballadores do Obradoiro de
Emprego “.....” e seleccionada na praza de:

.....

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

_____ , _____ de _____ de 2021

Sinatura:



Concello de Vigo

ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAI DE EMPREGO

1.- MULLERES

.En xeral1 pto.

2.- IDADE

. 18 - 29 anos4 ptos.
. 30 - 44 anos 2 ptos.
. 45 ou máis 3 ptos

3.- DISCAPACIDADE

• Minusvalía \geq 33%1 pto.
(Sempre que poidan realizar os traballos)

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

Perceptores de desemprego 1 pto.

Perceptores de subsidio ou axudas

RAI, PREPARA , ACTIVA , RISGA, etc.....2 ptos

➤ Non perceptores3 ptos

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo vida laboral actualizada)

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante

- Menos de 12 meses1 pto.
- Máis de 12 meses 2 ptos.
- Máis de 18 meses...3 ptos.

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:1 pto.

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social

da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.
Informe de servizos sociais.

7.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado en ESO..... 3 ptos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.
- FP de ciclo superior..... 1 pto.
- Títulos universitarios0,5 ptos.

8.- OUTROS

Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI).....0,5 ptos

(Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)

9.- Non ter participado con anterioridade nun programa mixto de emprego e formación (escolas obradoiro ou obradoiro de emprego).....1,5 pto

◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente

SOLICITUDE ALUMNOS-TRABALLADORES OBRADOIRO EMPREGO:

Apelidos _____ Nome _____

DNI _____ Data nacemento _____ idade _____
Teléfono _____ -

Enderezo _____ Nº _____ Piso _____ Concello _____ C.P. _____

-FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade:

- Certificado de estudos primarios - Graduado escolar- ESO sen aprobar
- Graduado en ESO - FP1 ou Ciclo medio de
- BUP.....COU Bacharelato
- FP2 ou Ciclo superior de.....
- Proba Acceso: -CM.....-CS.....
- Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos:.....
- Diplomado- Licenciado- Grao.....

Realiza estudos na actualidade ? Cáles ?.....

- **COMPETENCIAS CLAVE** establecidas para os Certificados de Profesionalidade?

- Competencia Matemática.....Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Galega.....Nivel 2.....Nivel 3.....
- Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés).....Nivel 2.....Nivel 3.....

NIVEL DE LINGUA GALEGA: Celga 2, Celga 3, Celga 4, Iniciación, Perfeccionamento,

-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Xunta Galicia).

- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano
- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano



Concello de Vigo

-Foi **ALUMNO** dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

e) NO

f) SI: Escola/ObradoiroEspecialidade..... Data.....

-**POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?**.....

.....

.....

-**QUE ESPERA OBTER CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?**

-**EXPERIENCIA PROFESIONAL.** Relacione os distintos traballos realizados:

.....

.....

.....

.....

-**ASINOU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-FORMACIÓN?**.....

-**TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?**.....

En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario?.....

Especialidade?.....

-**PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?**.....

-**PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA.....)?**

.....

-**PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL?**(En caso afirmativo, terá que acreditarlo)

-**POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?**..... **INDÍQUEA** (En caso afirmativo, terá que acreditarlo),.....

-CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR?.....
Cantos ten ingresos?.....

-POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?

.....
.....

Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos.

....., de de 2021
Sinatura

14(861).- APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VII (36/00030/2021). EXPTE. 18684/77.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 22/09/21 asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.-No DOG Núm. 22 do Mércores, 3 de febreiro de 2021, consta publicada a Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 1 de marzo de 2021, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 18011-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 3 de marzo de 2021.

III.- Con data 10 de setembro de 2021, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución da xefa territorial, asinada PA (decreto 215/2020 do 3 de decembro) pola xefa do servizo de Coordinación administrativa e Xestión económica da Consellería de Emprego e Igualdade, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA VII" (Nº de expte. TR353A 36/00030/2021), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.



Concello de Vigo

IV. Con data 22 de setembro de 2021, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida.

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN emitiu a CIRCULAR NÚM. 6/2021 de data 15/06/2021, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA VII.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de Emprego , a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do equipo directivo, docente e de apoio participantes no citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita consellería.

IV. CUSTES SALARIAIS DO EQUIPO DIRECTIVO

Segundo os datos reflectidos no orzamento do proxecto presentado xunto coa solicitude, os custos salariais derivados da contratación do persoal directivo, docente e de apoio son os que se reflecten a continuación:

A) - Soldos e salarios	Importe
Director/a	24.251,22 €
Persoal docente	37.258,37€
Persoal administrativos	13.775,37 €
Outros (titor/a)	20.247,57€
Total (A)	95.532,53 €
B) Cota patronal Seguridade Social	Importe
Director/a	7.942,97€
Persoal docente	12.202,13€
Persoal administrativo	4.511,43€
Outros (titor/a)	6.631,08€
Total (B)	31.287,61 €
TOTAL (A+B)	126.820,18€

V. DESCRICIÓN E OBXECTIVOS DO PROXECTO

O proxecto consiste no desenvolvemento dun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTR0408)” e os outros 10 na especialidade de “Servizos de Restaurante (HOTR0608)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste obradoiro:



Concello de Vigo

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostalería así como a protección ambiental neste sector.
2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizo en restaurante.
6. Servizos á comunidade, cociñando e servindo para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, o comedor do propio obradoiro para servizo de persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.
7. Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares, que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.
8. Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos están a disposición nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña e Servizos de Restaurante, están relacionados coa compra de alimentos para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación "La Sal de la Tierra" e no propio comedor do Obradoiro para persoas usuarias dos Servizos Sociais do Concello de Vigo dirixidos a persoas con risco de exclusión social, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade.

VI. POSTOS A CONTRATAR, MODALIDADE E DURACIÓN DOS CONTRATO DE TRABAJO

AS PRAZAS do equipo directivo que se convocan son:

- a) Experto/a docente en Cociña.Xornada: completa
- b) Experto/a docente en Servizos de Restaurante.....Xornada: completa
- b) Dirección.....Xornada: completa
- c) Titoría.....Xornada: completa
- d) Persoal AdministrativoXornada: completa

Os contratos de traballo do persoal seleccionado serán a xornada completa non podendo exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses).

VII. FUNCIÓNS S DOS POSTOS DE TRABAJO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo.
- c) Planificación e seguimento do proxecto.
- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizaranse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

- a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
- c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
- d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.



Concello de Vigo

- e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopadora etc.).
- f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

VIII. SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego, que será elaborada pola Comisión de selección, unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, e remitida mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego, para que se remita a listaxe de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento dacordo cos parámetros de sondaxe reflectidos nas bases.

2. Realizada a sondaxe, os candidatos resultantes da oferta de emprego, a participar no proceso selectivo para as prazas de persoal do proxecto, deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña a estas bases (Solicitude) xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos mínimos e específicos e a documentación necesaria para a valoración de méritos, no prazo que se lle estableza, na oficina de emprego correspondente ou onde se lle indique.

3. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar os coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral **non será eliminatoria**, valorarase de **0 ata 5,5 puntos**.

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego.

4. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo dacordo cos criterios reflectidos nos Baresmos contidos en ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 10,25 puntos**.

A Comisión de selección procederá á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

5. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirase para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

A listaxe de candidatos propostos pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos candidatos propostos non cumprise ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do equipo directivo do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adjudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

IX. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A resolución recibida en data 10 de setembro de 2021 de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro Dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VII", polo importe de 346.946,00€ para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas ("Servizos de Restaurante (HOTR0608)" "Cociña (HOTR0408)"), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 expertos/as docente.

Da cantidade global de concesión da subvención (346.946,00€), 125.568,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 221.378,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

A Intervención Xeral Municipal en data 17/09/2021 emitiu informe favorable con motivo da aceptación da subvención concedida en expte. 18673/77 sinalando que: "*A realización de gastos financiados con subvencións finalistas concedidas por outras Administracións Públicas non ten repercusión sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que supón o recoñecemento dun dereito no estado de ingresos do orzamento e dunha obriga de gasto pola mesma contía, nin sobre o cumprimento do obxectivo da regra de gasto xa que precisamente non ten a consideración*



Concello de Vigo

de gasto computable a parte do gasto financiada con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas."

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida tramitase en expediente incoado a tal efecto polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

X. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Asemade e, atendendo a un principio de economía de medios e de celeridade na tramitación do presente procedemento, resulta procedente propoñer ao dito órgano colexiado a encomenda no concelleiro delegado da área de Cultura e Emprego da realización das sucesivas actuacións de xestión e tramitación que sexan necesarias para o desenvolvemento do proceso de selección do equipo directivo do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VII.

XI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019 e modificacións do 17/08/2020 e 19/08/2020, respectivamente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Aprobar as bases de selección do EQUIPO DIRECTIVO** (experto/a docente, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego VIGO

CAPACITA VII (cofinanciado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, conforme a resolución da Xefa Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 10/09/2021, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A), co número de expediente 36/00030/2021, polo importe de 346.946,00€, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

2. **Encomendar ao concelleiro-delegado** da área de Cultura e Emprego, as sucesivas actuacións que se desenvolvan na tramitación e xestión do proceso de selección do equipo directivo Obradoiro dual de Emprego "VIGO CAPACITA VII".
3. Dar traslado do presente acordo á Área de RRHH e Formación e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VII" (TR353A) EXPTE. 36/00030/2021.

ANTECEDENTES

I.- No DOG Núm. 22 do Mércores, 3 de febreiro de 2021, consta publicada a Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353A).

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021-2022.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 1 de marzo de 2021, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VII", elaborado



Concello de Vigo

polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 18011-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 3 de marzo de 2021.

III.- Con data 10 de setembro de 2021, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución da xefa territorial, asinada PA (decreto 215/2020 do 3 de decembro) pola xefa do servizo de Coordinación administrativa e Xestión económica da Consellería de Emprego e Igualdade, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA VII" (Nº de expte. TR353A 36/00030/2021), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

IV. Con data 14 de setembro de 2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a aceptación da subvención concedida para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

V. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL emitiu a CIRCULAR NÚM. 6/2021 de data 15/06/2021, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da presente convocatoria, será realizada pola entidade promotora, que será a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

Polas consideracións expostas é necesario proceder á elaboración e aprobación das bases que rexen o proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VII:

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VII"

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 12º da orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm.22 do 3/02/2021), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados como persoal do citado proxecto, promovido polo Concello de Vigo e subvencionado pola antedita Consellería.

AS PRAZAS que se convocan son:

- a) Experto/a docente en Cociña..... Xornada: completa
- b) Experto/a docente en Servizos de Restaurante.Xornada: completa
- c) DIRECCIÓN.....Xornada:completa
- d) TITORÍA.....Xornada:completa
- e) PERSOAL ADMINISTRATIVOXornada: completa

Segunda.- FUNCÍONS DOS POSTOS DE TRABALLO.

As funcións que corresponden aos postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

- DIRECCIÓN:

- a) Xestión e supervisión económica, formativa e de obra do proxecto segundo a normativa vixente.
- b) Coordinación xeral do obradoiro de emprego e control dos medios humanos e materiais ao seu cargo
- c) Planificación e seguimento do proxecto
- d) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado.
- e) Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- f) Promoción da inserción laboral dos beneficiarios do proxecto.
- g) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- TITORÍA:

- a) Coordinar a acción educativa do equipo de profesionais que traballan no proxecto.
- b) Realizar e supervisar, en coordinación cos docentes, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- c) Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar.
- d) Supervisar a labor educativa do persoal docente e a formación do alumnado.
- e) Organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo.
- f) Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
- g) Favorecer a consecución de actitudes e hábitos sociais no grupo de alumnos como colectivo.
- h) Facilitar de maneira individualizada información e orientación para a propia acción profesionalizadora.
- i) Poderá ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- EXPERTOS DOCENTES:

- a) Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
- b) Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
- c) Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.



Concello de Vigo

- d) Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
- e) Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- f) Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.

- PERSOAL ADMINISTRATIVO

- a) Apoio á Dirección, Titoría e Equipo docente na confección e tramitación de documentos, actas, rexistros e correspondencia.
- b) A xestión administrativa do Obradoiro de emprego na súa relación coa Consellería e a Entidade Promotora.
- c) Control da contabilidade interna baixo a supervisión e responsabilidade da Dirección.
- d) Arquivo e custodia da documentación xerada polo funcionamento do obradoiro de emprego.
- e) Control e organización dos taboleiros de anuncios, actualización de inventarios, e do mantemento dos medios ofimáticos de administración (ordenador, fotocopiadora etc.).
- f) A realización daquelas outras tarefas que lle encargue a Dirección e que sexan propias da súa competencia.

Terceira.- CONTRATACIÓN DOS PARTICIPANTES

Os contratos do persoal do proxecto que fose seleccionado e figure como tal nas actas da Comisión de selección, se formalizarán por escrito no modelo oficial correspondente.

Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) REQUISITOS XERAIS.

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.
5. Coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego

b) REQUISITOS MÍNIMOS: os previstos nos ***baremos anexos*** a estas bases.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo.

No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos por posto, a Comisión de selección poderá, de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos eixidos co fin de acadar candidatos suficientes.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego.

2. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada pola Comisión de selección e asinada polo seu presidente ou en quen delegue, tramitarase unha vez aprobadas as bases reguladoras do proceso selectivo, solicitando mediante correo electrónico dirixido á xefatura territorial provincial e á oficina de emprego que se remita o listado de candidatos que reúnan os requisitos para participar no presente procedemento.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

- .a) **Ámbito xeográfico**: Concello de Vigo. De non atoparse candidatos, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, do ámbito da oficina de emprego ata o ámbito provincial.
- . b) **Número de candidatos a remitir**: CINCO por posto, que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados.
- .c) **Requisitos mínimos de titulación e/ou experiencia** que, no seu caso, deben cumprir as persoas candidatas establecidos nos correspondentes certificados de profesionalidade, así como, nos postos de titoría e expertos-docentes, acreditar que posúen competencia docente, tal e como o indica o artigo 13 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Sexta.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Realizada a sondaxe, os candidatos resultantes da oferta de emprego, a participar no proceso selectivo para as prazas de persoal técnico do proxecto, deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña a estas bases (Solicitude) xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos mínimos e específicos e a documentación necesaria para a valoración de méritos, no prazo que se lle estableza, na oficina de emprego correspondente ou onde se lle indique.

As **SOLICITUDES** deberán presentarse o día indicado, tendo que achegar, nese momento, **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.



Concello de Vigo

A citación poderá reforzarse co apoio do servizo de información 010 mediante, chamamento telefónico/telemático e/ou vía SMS aos candidatos remitidos, se así o considerase oportuno a Comisión de selección.

1.-Acreditación de requisitos e méritos:

a) A **EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Traballadores por conta allea: acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

- Traballadores autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que consten os servizos prestados.

- Traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b) A **FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inexcusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

2. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes a Comisión de selección valorará unicamente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e mínimos alegados polos aspirantes e imprescindibles para a admisión ao proceso de selección, e procederá á declaración provisional dos admitidos e excluídos.

A restante documentación presentada polos candidatos será avaliada na Fase de valoración de méritos posterior á publicación dos resultados obtidos na fase de entrevista.

Esta declaración provisional de admitidos farase nunha sesión do grupo de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán os aspirantes admitidos e excluídos provisionalmente.

Exporase a relación provisional dos admitidos e excluídos ao proceso de selección nos taboleiros de anuncios (electrónico e físico) do Concello de Vigo e da oficina de emprego, indicando lugar, data e hora que se concede para formular as alegacións

(con carácter xeral, outorgarase o prazo de 1 día hábil seguinte á publicación do listado).

Rematado o prazo de alegacións, o grupo de selección, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e a relación definitiva de admitidos, coa convocatoria a entrevista na páxina web da entidade promotora e nos taboleiros da entidade promotora e da oficina de emprego.

De non haber candidatos excluídos na listaxe publicada de admitidos incluírase o lugar, data e hora das entrevistas e elevarase automáticamente a definitiva a relación dos admitidos.

Sétima.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá nunha **entrevista persoal**, cos candidatos que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta destas bases e estean acreditados, co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan, e dunha valoración de méritos en base aos baremos.

1. FASE DE ENTREVISTA PERSOAL:

O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.

***No caso de que non se acade un número mínimo de tres candidatos por posto para a fase de entrevista, o equipo de selección poderá solicitar unha ampliación da sondaxe de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, co fin de acadar candidatos suficientes para realizar o proceso de selección.**

A entrevista persoal versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados principalmente co Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de **0 ata 5,5 puntos** (34,92 % da puntuación total, como máximo).

A entrevista persoal para a selección, do persoal directivo, docentes e persoal de apoio, terán lugar nas dependencias indicadas pola entidade promotora, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e da oficina de emprego.

2. FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Finalizada a fase da entrevista persoal, a Comisión de Selección realizará o baremo dacordo cos criterios reflectidos para cada posto nos Baremos contidos no ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo **será de 10,25 puntos** (65,08 % da



Concello de Vigo

puntuación total, como máximo). Os méritos alegados polas persoas candidatas e que deberán acreditarse mediante a achega de copia orixinal, compulsada ou cotexada.

A Comisión de selección reunirse para á valoración da documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de elaborar a relación provisional das puntuacións obtidas na segunda fase outorgadas segundo o baremo.

A relación provisional destas puntuacións publicarase nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e nos da oficina de emprego, indicando o día que se concede para formular alegacións á valoración provisional segundo o baremo, así coma a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

De cada unha das sesións da Comisión de selección estenderase a correspondente acta de selección.

Oitava.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, a Comisión de selección reunirse para valorar as alegacións achegadas ás puntuacións obtidas na fase de valoración provisional segundo o baremo, de ser o caso, e procederá á cualificación final dos candidatos (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado).

2. A listaxe de candidatos propostos pola Comisión de selección será remitida á xefatura territorial que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto. Se algún dos candidatos propostos non cumprixe ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo á entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A relación dos admitidos e suplentes do equipo directivo do obradoiro de emprego será exposta nos taboleiros do Concello de Vigo (electrónico e físico) e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, con indicación de que nun prazo máximo de 2 días naturais contados a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo, os candidatos deberán comunicar por escrito ao Concello de Vigo a súa aceptación ou renuncia á praza (telematicamente mediante correo electrónico dirixido a conta ofi.emplo@vigo.org ou ben presencialmente nas oficinas de Desenvolvemento Local e Emprego na 4ª planta da casa consistorial). Se transcorrido o devandito prazo non se confirma a praza, considerarase que se renuncia á mesma, e pasará a adxudicarse ao seguinte candidato/a con maior puntuación, tendo igualmente a obriga de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza. Xúntase anexo.

O Concello de Vigo estará obrigado a contratar o/a aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto/a pola Comisión de selección.

As persoas que resulten seleccionadas para os postos do Obradoiro de emprego, no suposto de estar activos noutro proxecto durante o proceso de selección, deberán na data de sinatura do contrato estar en situación de desemprego.

En todo caso será a entidade promotora a responsable de comprobar que os membros do equipo directivo que seleccione mantén o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

Novena.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos/as en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado
- b. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- c. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- d. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- e. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- f. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- g. O de maior idade

Décima- LISTA DE RESERVA.

1. Rematado o proceso selectivo, a Comisión de selección elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta listaxe empregarase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. De non haber candidatos/as, iniciarase un novo procedemento selectivo.

3. No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, iniciarase un novo procedemento de selección.

Undécima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG 3-02-2021) da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Duodécima.- COMISIÓN DE SELECCIÓN



Concello de Vigo

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

A Comisión de selección estará composta por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dous asesores/as)

A/O secretaria/o, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia e elaboración de actas e acordos.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos polo Concelleiro de Cultura e Emprego xunto cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á Concellería de Cultura e Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

ANEXO- ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA

Apelidos _____

Nome _____

DNI _____ Teléfono de contacto _____ Correo _____

Persoa participante no proceso selectivo de persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro de Emprego “.....” e seleccionada na praza de:

.....

ACEPTO A PRAZA

RENUNCIO Á PRAZA

_____ , _____ de _____ de 2021

Sinatura:



Concello de Vigo

SOLICITUDE-DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO.....:

DATOS IDENTIFICATIVOS:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	DATA NACEMENTO	TELEFONO
MAIL		
RUA	Nº	CP LOCALIDADE

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso selectivo para o posto de

FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA

TITULO E ESPECIALIDADE	DATA DO TITULO	

COMPETENCIA DOCENTE-FORMACIÓN PEDAGÓXICA

TITULO	DATA	
CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE FORMADOR OCUPACIONAL		
CAP ou equivalente		
MASTER EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN		

1.CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN REALIZADOS EN LOS 10 ÚLTIMOS AÑOS .

CURSOS DE 30 A 299 HORAS (No caso do posto de apoio Administrativo mínimo 20 horas)

NOME	CENTRO	HORAS	DATA (orde cronolóxi-ca)	

CURSOS DE 300 HORAS OU MAIS.

NOME	CENTRO	HORAS	DATA (orde cronolóxi-ca)	



Concello de Vigo

2.3 EXPERIENCIA DOCENTE (FORMACIÓN OCUPACIONAL OU REGRADA)

EMPRESA	ESPECIALIDADE	DATAS	XORNADA	

3. CURSOS DE GALEGO

DIPLOMA	CENTO	DATA	
Celga 3 ou equivalente			
Celga 4 ou equivalente			
Celga 5 ou equivalente			
Curso Superior Linguaxe Administrativo			
Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística			

4 .DESEMPREGO

SITUACIÓN DE DESEMPREGO (Non melloras de emprego)	
SI	
NON	

INFORMACIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA:

- Indicar e enviar a documentación só do que sexa susceptible de ser baremado.
- Non escribir nos espazos sombreados.
- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que lle sexa máis favorable.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- A experiencia profesional acreditarase coa vida laboral actualizada máis a copia dos contratos e/ou nóminas onde figure a categoría. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.
- A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

Declaro baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

_____, ____ de _____ de _____
Sinatura:

ANEXOS: BAREMOS
BAREMO DE SELECCIÓN DO POSTO DE DIRECCIÓN DE OBRADOIRO DE EMPREGO

REQUISITOS MÍNIMOS:

- a)-TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
b)-EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE **24 MESES, NOS ÚLTIMOS 10 ANOS: En dirección ou xestión de empresa, equipos humanos e proxectos (excluíndo direccións técnicas e facultativas)**
c) *Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior
d) *Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.
e) **1.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00**

- 1.1 Cursos de 30 horas a 299 horas.....máximo 0,80
Cursos de 30 a 99 horas..... 0,10
Cursos de 100 a 299 horas..... 0,20
1.2 Cursos de 300 horas ou máis.....máximo 1,80
Cursos de 300 a 599 horas.....0,40
Cursos a partir de 600 horas.....0,60
1.3 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60
Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
1.4 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de 100.. horas...0,40

2.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 7,65

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados ()**

2.1.- Nos últimos 10 anos:

- 2.1.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,10.....máximo 6,00
2.1.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,08.....máximo 5,00

2.2.- No resto da súa vida laboral:

- 2.2.1. Experiencia en Dirección de E.O/ C.O/ O.E Por cada mes.....0,05.....máximo 2,50
2.2.2. Experiencia en Dirección en entidade pública ou privada. Por cada mes.....0,03.....máximo 2,50

3.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA

0,50

- 3.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10
3.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20
3.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,50
3.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,50

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

4.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10



Concello de Vigo

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
 - Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
 - Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
 - Os cursos con **contidos similares**, só se valorará o que sexa máis favorable.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
 - No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- (*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.
(**) Terá que quedar debidamente acreditada a dirección dun equipo humano, de características similares a estes proxectos.

BAREMO DE SELECCIÓN DO POSTO DE TITORÍA DE OBRADOIROS DE EMPREGO **REQUISITOS MÍNIMOS PARA SUPERAR ESTA FASE:**

- TITULACIÓN UNIVERSITARIA.
- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO DE **24 MESES** SEGUNDO BAREMO NOS **ÚLTIMOS 10 ANOS**.
- **COMPETENCIA DOCENTE** (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, OU 12 meses de EXPERIENCIA EN TITORÍA en Obradoiro de Emprego.

* Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

***Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

- 1.- TITULACIÓNPUNTUACIÓN MÁXIMA 0,75**
- 1.1 Lcdo. en Pedagogía ou Psicopedagogía.....0,75
- 1.2 Lcdo. en Psicoloxía.....0,50
- 2.-FORMACIÓN COMPLEMENTARIA.Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos..PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50**
- a)Cursos relacionados co posto.....máximo 1,00
- Cursos de 30 a 99 horas.....0,10
- Cursos de 100 a 299 horas.....0,20
- Cursos de 300 a 599 horas.....0,40
- Cursos a partir de 600 horas.....0,60
- 2.2 Cursos en Prevención de Risgos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60
- Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
- 2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
- Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99horas.....0,20; Cursos a partir de100 horas...0,40
- 3.- FORMACIÓN PEDAGÓXICA PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50**
- 3.1 Certificate de profesionalidade de Formador Ocupacional.....máximo 0,40
- 3.2 CAP ou equivalente.....máximo 0,25
- 3.3 Master en Profesorado de Educación.....máximo 0,50
- 4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacionada co posto. PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,90**

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas

de servizos prestados ().**

4.1.- Nos últimos 10 anos:

4.1.1. Experiencia en funcións titorías nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,10.....máximo 6,00

4.1.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.

Por cada mes, 0,08.....máximo 5,00

4.2.- No resto da súa vida laboral:

4.2.1. Experiencia en funcións titorías nas E.O / C.O. /O.E. Por cada mes, 0,05.....máximo 2,50

4.2.2. Experiencia con adultos en área de formación e/ou emprego. Sempre relacionada co posto.

Por cada mes, 0,03.....máximo 2,50

5.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO..... PUNTUACIÓN MÁXIMO 0,50

5.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10

5.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20

5.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,50

5.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,50

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

6.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego..... PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,10

NOTAS IMPORTANTES PARA A BAREMACIÓN

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
 - Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
 - Os cursos que non especifiquen o **contido e número de horas** non se contabilizarán.
 - Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
 - No caso de experiencia laboral, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
 - Non se terá en conta aquela experiencia docente non relacionada co posto.
- (*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

BAREMO DE SELECCIÓN DOS EXPERTOS- DOCENTES DO OBRADOIROS DE EMPREGO

REQUISITOS MÍNIMOS:

-**TITULACIÓN REQUIRIDA E/OU EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE**, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, **nos últimos 10 anos**, mínimo oficial 1ª .

**** EXPERTO EN COCIÑA -N2**

Se require 2 ano de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida e Carné de manipulación de alimentos.

Titulación requirida

- Estudos Universitarios relacionados coa especialidade.
- Técnico Superior en Restauración, en dirección de cociña ou en dirección de servizos de restauración
- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Hostalería e Turismo na área de Restauración



Concello de Vigo

**** EXPERTO EN EXPERTO SERVICIOS DE RESTAURANTE-N2**

Se require 2 ano de experiencia profesional con titulación requirida ou 4 anos de experiencia profesional sen titulación requirida e Carné de manipulación de alimentos.

Titulación requirida

- Estudos Universitarios relacionados coa especialidade.
- Técnico Superior en Restauración, en dirección de cociña ou en dirección de servizos de restauración
- Certificado de Profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Hostalería e Turismo na área de Restauración

-COMPETENCIA DOCENTE (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)

- a) Licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía o de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de grao no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía ou postgrao nos citados ámbitos.
- b) Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- c) Acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos **600 horas nos últimos sete anos** en formación profesional **para o emprego ou do sistema educativo.**

*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior
***Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

- 1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada) _____ PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50**
- 1.1 Titulación académica requirida, relacionada coas funcións a desenvolver.....máximo 1,50
- 1.2 Outra titulación distinta á requirida, sempre relacionada coas funcións a desenvolver.....máximo 1,00
- 2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos.....PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50**
- 2.1- Cursos relacionados co posto.....máximo 1,50
- Cursos de 30 a 99 horas.....0,10
 - Cursos de 100 a 299 horas.....0,20
 - Cursos de 300 a 599 horas0,40
 - Cursos a partir de 600 horas.....0,60
- 2.2 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**.....máximo 0,60
- Básico xeral0,10; Medio0,40; Superior.....0,60
- 2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario.....máximo 0,40
- Cursos de 30 a 49 horas.....0,10; Cursos de 50 a 99 horas.....0,20; Cursos a partir de 100 horas.. .0,40
- 3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE(Mínimo oficial 1ª) _ PUNTUACIÓN MÁXIMA 6,65**

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

- 3.1.- **Nos últimos 10 anos:**
- 3.1.1. Experiencia en E.O/OE ou C.O. na especialidade. Por cada mes, 0,10.....máximo 6,00
- 3.1.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.
 Por cada mes, 0,07.....máximo 3,50
- 3.1.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00
- 3.2.- **No resto da súa vida laboral:**
- 3.2.1. Experiencia en EO/OE ou CO. na especialidade. Por cada mes, 0,05.....máximo 3,00
- 3.2.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.

Por cada mes, 0,03.....máximo 1,75
3.2.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,03.....máximo 2,50

**4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....PUNTUACIÓN MÁXIMA
0,50**

- 4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,10
4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,20
4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 0,50
4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0.50

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

**5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego. _____ PUNTUACIÓN MÁXIMA
0,10**

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
 - Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
 - Os cursos que non especifiquen o **contido** e número de horas non se contabilizarán.
 - Os cursos con contidos similares, só se valorará o que lle sexa máis favorable.
 - A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
 - No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- (*) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

BAREMO DO POSTO ADMINISTRATIVO EN OBRADOIROS DE EMPREGO

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

Experiencia Profesional de **24 meses** como Administrativo ou Auxiliar Administrativo, nos últimos **5 anos** e Titulación de Técnico Superior ou equivalente na Familia de Administración.

***Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior**

***Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.....Puntuación máxima 5,15 puntos

1.1.- Nos últimos 5 anos:

- a) Experiencia de traballo administrativo en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego:
Por cada mes **0,2** puntos.....máximo **5,00** puntos
- b) Experiencia de traballo auxiliar ou administrativo en entidades públicas ou privadas:
Por cada mes **0,15** puntos.....máximo **5,00** puntos

1.2.- No resto da súa vida laboral:

- a) Experiencia de traballo administrativo en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego:
Por cada mes **0,06** puntos.....máximo **2,25** puntos
- b) Experiencia de traballo auxiliar ou administrativo en entidades públicas ou privadas:



Concello de Vigo

Por cada mes **0,05** puntos.....máximo **2,25** puntos

2.- FORMACIÓN EN INFORMÁTICA (*)Puntuación máxima 2,00 puntos

- De 20 a 49 horas lectivas: **0,10 puntos**
- De 50 a 99 horas lectivas: **0,20 puntos.**
- De 100 ou máis horas lectivas: **0,50 puntos.**

3.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (*):Puntuación máxima 2,00 puntos

- De 20 a 49 horas lectivas: **0,05 puntos**
- De 50 a 99 horas lectivas: **0,10 puntos.**
- De 100 ou máis horas lectivas: **0,50 puntos.**

(*)Os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar e só se valorarán aqueles feitos nos derradeiros 10 anos e teñan unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. Non serán valorados, por separado, módulos ou unidades integrantes dun título.

4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:..... Puntuación máxima 1,00 puntos

- 4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,25
- 4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,50
- 4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente 1,00
- 4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....1,00

***Só se valorará o grao superior alegado e homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística**

5.-DESEMPREGO: Non melloras de emprego..... **Puntuación máxima 0,10 puntos**

6.-ENTREVISTA: **Puntuación máxima 5,00 puntos**

NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego e/ou polo servizo de Emprego do Concello de Vigo.
- Os cursos que non especifiquen **o contido e número de horas** non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que lle sexa máis favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- *A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

15(862).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2021(3º). EXPTE. 102856/140.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta do informe-proposta do 27/09/21, asinado polo xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2021.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña R- quel	202100037374	9121.2200100	1.200,00	1.171,80	13/04/21	06/07/21	13/07/21	28,20	---
Abalde Comesaña R- quel	202100037375	9120.2260100	1.500,00	1.434,99	13/04/21	02/07/21	13/07/21	65,01	---
Couce Senra Óscar	202100054509	1532.2312000	300,00	55,65	02/06/21	07/09/21	02/09/21	244,35	---
Couce Senra Óscar	202100056829	1532.2260300	828,00	828,00	17/06/21	08/09/21	17/09/21	----	---
Fernández Fernández Paz	202100050973	2310.7800000	20.000,00	10.804,09	13/05/21	17/08/21	13/08/21	9.195,91	---
García Álvarez Luis	202100051518	9201.2260300	2.000,00	1.949,60	18/05/21	20/09/21	18/08/21	50,40	---
García Álvarez Luis	202100053936	2311.4800000	4.500,00	1.450,00	31/05/21	27/08/21	31/08/21	3.050,00	---
Magdalena Vila M.ª Je- sús	202100048058	9320.2260800	500,00	7,96	27/04/21	04/08/21	27/07/21	492,04	---
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100036744	1320.2260100	300,00	----	09/04/21	21/07/21	09/07/21	300,00	---
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100036746	1320.2312000	200,00	20,00	09/04/21	21/07/21	09/07/21	180,00	---
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100036747	1320.2120000	1.000,00	----	09/04/21	21/07/21	09/07/21	1.000,00	---
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100037377	1320.2140000	1.000,00	----	13/04/21	27/07/21	13/07/21	1.000,00	—
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100037378	1320.2190000	500,00	299,80	13/04/21	21/07/21	13/07/21	200,20	—
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100037379	1320.2200000	200,00	50,00	13/04/21	21/07/21	13/07/21	150,00	---
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100039113	1320.2269900	1.000,00	343,97	19/04/21	27/07/21	19/07/21	656,03	---
Martínez Muñoz Fran- cisco	202100040055	1320.2219900	1.000,00	861,87	20/04/21	27/07/21	20/07/21	138,13	—
Núñez-Torrón López Jesús	202100049382	2310.4800000	300.000,00	226.210,50	04/05/21	02/09/21	04/08/21	73.789,50	---
Vega Andión Óscar M.	202100038498	9200.2219902	500,00	207,57	15/04/21	09/08/21	15/07/21	292,43	---
Vivero Mijares Antonio	202000028965	1350.2269901	6.000,00	4.999,20	11/05/20	10/08/21	11/08/20	1.000,80	---
TOTAL			336.528,00	245.695,80				90.832,20	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non



Concello de Vigo

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202100054509 de Couce Senra Óscar, 202100050973 de Fernández Fernández Paz, 202100051518 de García Álvarez Luis, 202100048058 de Magdalena Vila M. ^a Jesús, 202100036744, 202100036746, 202100036747, 202100037377, 202100037378, 202100037379, 202100039113, 202100040055 de Martínez Muñoz Francisco, 202100049382 de Núñez-Torrón López Jesús e 202100038498 de Vega Andián Óscar Miguel, non se renderon no prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas consta incorporada ao expediente electrónico correspondente a cada orde de pago a xustificar no aplicativo do xestor de expedientes.

PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Raquel Comesaña	202100037374	9121.2200100	1.200,00	1.171,80	13/04/21	06/07/21	13/07/21	28,20	---
Abalde Raquel Comesaña	202100037375	9120.2260100	1.500,00	1.434,99	13/04/21	02/07/21	13/07/21	65,01	---
Couce Senra Óscar	202100054509	1532.2312000	300,00	55,65	02/06/21	07/09/21	02/09/21	244,35	---
Couce Senra Óscar	202100056829	1532.2260300	828,00	828,00	17/06/21	08/09/21	17/09/21	----	---
Fernández Fernández Paz	202100050973	2310.7800000	20.000,00	10.804,09	13/05/21	17/08/21	13/08/21	9.195,91	---
García Álvarez Luis	202100051518	9201.2260300	2.000,00	1.949,60	18/05/21	20/09/21	18/08/21	50,40	---
García Álvarez Luis	202100053936	2311.4800000	4.500,00	1.450,00	31/05/21	27/08/21	31/08/21	3.050,00	---
Magdalena Vila M. ^a Jesús	202100048058	9320.2260800	500,00	7,96	27/04/21	04/08/21	27/07/21	492,04	---
Martínez Muñoz Francisco	202100036744	1320.2260100	300,00	----	09/04/21	21/07/21	09/07/21	300,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100036746	1320.2312000	200,00	20,00	09/04/21	21/07/21	09/07/21	180,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100036747	1320.2120000	1.000,00	----	09/04/21	21/07/21	09/07/21	1.000,00	---
Martínez Muñoz Francisco	202100037377	1320.2140000	1.000,00	----	13/04/21	27/07/21	13/07/21	1.000,00	—
Martínez Muñoz Francisco	202100037378	1320.2190000	500,00	299,80	13/04/21	21/07/21	13/07/21	200,20	—
Martínez Muñoz Francisco	202100037379	1320.2200000	200,00	50,00	13/04/21	21/07/21	13/07/21	150,00	---

Martínez Francisco	Muñoz	202100039113	1320.2269900	1.000,00	343,97	19/04/21	27/07/21	19/07/21	656,03	---
Martínez Francisco	Muñoz	202100040055	1320.2219900	1.000,00	861,87	20/04/21	27/07/21	20/07/21	138,13	---
Núñez-Torrón Jesús	López	202100049382	2310.4800000	300.000,00	226.210,50	04/05/21	02/09/21	04/08/21	73.789,50	---
Vega Andión M.	Óscar	202100038498	9200.2219902	500,00	207,57	15/04/21	09/08/21	15/07/21	292,43	---
Vivero Mijares Antonio		202000028965	1350.2269901	6.000,00	4.999,20	11/05/20	10/08/21	11/08/20	1.000,80	---
TOTAL				336.528,00	245.695,80				90.832,20	

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(863).- ARQUIVO DE PROCEDEMENTO SANCIONADOR INCOADO PARA A RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE APROVEITAMENTO PRIVATIVO DO INMOBLE CHAMADO “MERCADO DA PEDRA”. EXPTE. 20560/240.

Visto o informe de fiscalización do 22/09/21, dáse conta do informe-proposta do 20/07/21, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).
- LRXSP (Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).
- LCSP (Lei 9/2017 de 8 novembro, de Contratos do Sector Público).
- RBEL (Decreto de 27 de maio de 1955, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).
- Prego de clausulas administrativas particulares polas que se rixe a concesión administrativa para o aproveitamento privativo do inmovible chamado “MERCADO DA PEDRA”, aprobado por acordo plenario de 29 de maio do 2000.

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Por Decreto de data de 11/05/2021 da Concelleira delegada de Patrimonio, acordouse incoar expediente sancionador á “Asociación de Comerciantes del Mercado de la Piedra de Vigo” (CIF: G36847994), como titular da concesión administrativa de aproveitamento privativo do inmovible chamado “Mercado da Pedra” sito na Praza da Pedra, de Vigo, otorgada por acordo plenario de 31 de agosto do 2000, pola presunta comisión de infracción administrativa moi grave, polo impago das cuotas mensuais do canon concesional correspondentes os anos 2018,2019 e 2020 reflexadas no informe da Tesorería municipal de data 18/02/2021
A resolución de incoación foi notificada á interesada en data 21/05/2021.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Na instrucción do procedemento, formulouse por D. David Veiga Sotelo, actuando en nome e representación da “Asociación de Comerciantes del Mercado de la Piedra de Vigo”, escrito de alegacións en data 5/7/2021 á proposta de resolución que lle foi notificada no que manifesta en síntese o seguinte:

- Que ha procedido a aboar a totalidade das cantidades reclamadas por todos os conceptos, tanto principal, como intereses e recargos de demora, costas, etc.
- Que non se ha tido en ningunha consideración, que o mercado ha estado clausurado e prohibida toda actividade en cumprimento das restricións á actividade económica derivadas da crise pandémica do SARS-COVID 19; existindo a pesar de ello a administración municipal o íntegro abono dos cánones dun “aprovechamiento” que resultaba imposible por resultar prohibido pola propia autoridade pública.
- Que tal como dixo en anteriores escritos de alegacións, o propósito –xa cumprido- da Asociación ha sido cumprir fielmente con suas obrigacións.
- Que non ha sido posible alcanzar ningún tipo de acordo regulatorio e liquidatorio que tivera en conta este desequilibrio económico sobrevenido da concesión administrativa, nin as penalizacións económicas xa sufridas pola Asociación en forma de intereses, recargos similares, reiterando neste senso, que a actuación administrativa se ha mostrado completamente desproporcionada, atendidas as circunstancias,
- Finalmente, solicita se acorde o arquivo das actuacións sin máis trámites.

TERCEIRO. Dado traslado das alegacións formuladas á Tesorería Municipal interesando informe de si se procedeu por esta ó aboamento da totalidade da débeda que mantíña con esta Administración municipal en relación á concesión administrativa da que é titular, informouse o pasado 7/7/2021 que *A Asociación de Comerciantes del Mercado de la Piedra de Vigo con NIF G36847994 non ten ningunha débeda pendente de pagamento en vía de prema en concepto da concesión administrativa PZ PEDRA (VIGO VELLO).*

CUARTO.- O procedemento sancionador foi incoado en resposta o incumprimento da concesionaria no pago do canon concesional, tal e como consta informado pola tesoreira municipal, constituindo unha infracción moi grave, dacordo co prego de condicións administrativas pola que se rixe, e que pode conllevar como sanción, a criterio do Pleno municipal, a resolución do título concesional, de así estimalo pertinente dito órgano. Neste senso, o incumprimento de xeito continuado desta obriga esencial polo concesionario, adebendo varias cotas mensuais nestes derradeiros anos 2018, 2019 e 2020, co conseguinte perxuício para a facenda municipal dado o elevado importe da débeda acumulada, e sen que tivese acadado regularización algunha da mesma, levou a sinalar como sanción a impoñer a resolución da concesión administrativa. Nembargantes, neste intre da tramitación do expediente, a concesionaria, facendo incapie nas dificultades polas que pasou o mercado nestes últimos anos debido a actuacións xudiciais que levaron o peche da actividade así como as restricións causados pola pandemia que lle ocasionaron perxuícos económicos, procedeu durante a súa instrucción a cancelar a deuda que mantía con esta administración en relación coas súas obrigas concesionais, aboando na súa totalidade, xunto cos intereses e recargos legais, e sen que na actualidade conste como deudora en vía de prema.

Resulta conveniente ponderar, polo tanto, a pertinencia na adopción dunha medida excepcional, como é a resolución da concesión, atendendo as circunstancias expostas e unha vez que procedeu pola concesionaria ó cese na conduta infractora e a reparación do perxuício económico que o incumprimento das súas obrigas concesionais causaba a facenda municipal polo elevado importe da débeda acumulada, habendoa liquidado na súa totalidade, como así informouse pola tesorería municipal. Por outra banda, a resolución da concesión daría lugar ó cese da actividade do mercado no que veríanse afectados terceiros con dereito de uso dos

locais e postos de bancada, xa que como sinala o prego de condicións, *a resolución anticipada, producirá a extinción automática das cesións de uso outorgadas polo concesionario*. A teor do exposto, procedería acceder a solicitude de arquivo formulada pola concesionaria, salvo mellor criterio do órgano resolutorio, e acordar o sobreseimento e arquivo do procedemento.

QUINTO.- A competencia para resolver o presente procedemento para a resolución da concesión administrativa, correspondelle á Xunta de Goberno Local, dacordo coa Disposición Adicional 2ª.11 da LCSP.

Por todo ello, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Unico: Proceder o arquivo do procedemento sancionador incoado en data 11/05/2021 para a resolución da concesión administrativa de aproveitamento privativo do inmovible chamado "Mercado da Pedra", sito na Praza da Pedra de Vigo, otorgada por acordo plenario de 31 de agosto do 2000 á "Asociación de Comerciantes del Mercado de la Piedra de Vigo" (CIF: G36847994), unha vez que efectúese pola concesionaria o abono integro da deuda contraída con esta administración polo impago das cuotas mensuais do canon concesional correspondentes os anos 2018,2019 e 2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(864).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA "PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 36576/220.

Visto o informe xurídico do 20/09/21 e o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta do informe-proposta do 17/09/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal , que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 14/11/2018 foi subscrito contrato entre a Concellería-delegada de Contratación do Excmo. Concello de Vigo e VIDA CAIXA SOCIEDADE ANÓNIMA DE SEGUROS E REASEGUROS SOCIEDADE UNIPERSONAL, para a contratación do seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo (expte 31477-220), previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno local en sesión extraordinaria e urxente de data 18/10/2018.

No contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 7), se establecía que o prazo de execución do contrato será de dous anos e o presente contrato non poderá ser obxecto de prórrogas.

Segundo.- Con data de 27/11/2019, a Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, ordenou a Área de Recursos Humanos e Formación *"se proceda á realización daqueles trámites administrativos*



Concello de Vigo

encadrados no seu ámbito competencial tendentes á formulación de proposta de contratación administrativa de póliza de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, sen prexuízo das competencias propias do Servizo de Contratación, en todo caso encargado da xestión do procedemento de contratación da póliza indicada e incoar expediente administrativo aos efectos sinalados no apartado primeiro da presente resolución.”

Terceiro.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 03/09/2020 aprobouse o seguinte:

“Primeiro.-Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da “PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL E CARGOS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO”, cun orzamento base de licitación 307.500 € (exento de IVE).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefatura do Servizo de Contratación de data 19/08/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de DOUSCENTOS VINTE MIL € (307.500 €.). Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo da partida orzamentaria 2210.1620500 e a súa bolsa de vinculación xurídica.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 19.218,75 €

2021: 153.750,00 €

2022: 134.531,25 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Cuarto.- En febreiro de 2020 asinouse o prego de prescricións técnicas do referido contrato, que inclúe como asegurados/las *“terán a consideración de asegurados aos efectos do contrato aquelas persoas físicas vinculadas ao Concello de Vigo, no momento presente e futuro coa condición de funcionarios de carreira, persoal laboral fixo de plantilla, persoal eventual, persoal directivo profesional e cargos electos, cuxos datos relativos ás datas de nacemento e sexo figuran no ANEXO I.”*

Quinto.- En data 02/10/2020, por sección sindical do Concello de Vigo se presenta escrito solicitando a inclusión do persoal interino nos PPT e PCAP reitores do contrato de seguro de vida e accidentes, recibíndose o día 05/10/2020 solicitude do Servizo de Contratación para a emisión de informe respecto das alegacións presentadas -que constan anexadas como trámite 187 na xestión de expedientes-.

Sexto.- Efectuada consulta á Asesoría Xurídica Municipal, que remite a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Social, núm. 128/2020, 12 de febreiro de 2020, ditada para unificación de doutrina (recurso 280272017) á vista do cal, e considerando que o novo criterio adoptado polo Tribunal Supremo determínase en unificación de doutrina, informouse favorablemente a estimación da alegación presentada, concluíndo a procedencia da inclusión dos funcionarios

interinos e do persoal laboral temporal no colectivo de asegurados da póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos do Concello de Vigo.

Sétimo- Con data de 19/10/2020, a Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, ordenou a Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación administrativa que proceda para a formalización de contrato para a subscrición de póliza de seguro de vida e accidentes para o persoal interino e temporal e incoar expediente administrativo aos efectos sinalados no apartado primeiro da presente resolución.

Octavo.- No expediente de contratación consta a documentación que sigue:

a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada e orden de inicio do expediente de contratación, de data 19/10/2020 asinada pola Xefatura da Área de RRHH e o Concelleira-delegada competente e a Secretaria de Goberno local e o concelleiro delegado de orzamentos e facenda.

b) Memoria económica de data 29/04/2021 (trámite 64).

c) Certificado de crédito (trámites 82 e 83).

d) Prego de prescricións técnicas de data 23/06/2021 (trámite 99)

e) Memoria xustificativa de data 01/07/2021 (trámite 104)

f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 30/07/2021 (trámite 111).

g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 30/07/2021 (trámite 112).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (Delegacións competenciais por decretos da Alcaldía do 18/06/2019 e 26/06/2019 e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas esixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.



Concello de Vigo

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nas repercusións económicas dos elementos da obra.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da “PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES PARA O PERSOAL INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO”, cun orzamento base de licitación 102.406 € (exento de IVE).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de data 23/06/2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares de data 30/07/2021, que rexerá o contrato.

Terceiro.- Autorizar o gasto por un importe de CIENTO DOUS MIL CATROCENTOS SEIS € (102.406 €.)

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo da partida orzamentaria 2210.1620500 e a súa bolsa de vinculación xurídica.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2021: 4.266,92 €

2022: 51.203 €

2023: 46.936,08 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(865).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” DURANTE O EXERCICIO 2021. EXPTE. 3995/330.

Visto o informe xurídico do 16/09/21 e o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta do informe-proposta do 15/09/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A vista da dilixencia da secretaria da Administración Municipal do 14 de setembro do 2021 e unha vez subsanadas as deficiencias sinaladas nesta, emítase o seguinte informe proposta de resolución:

Con data da sede electrónica municipal 25 de xullo do 2021, a “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2021 ; por este motivo, con data 23 de agosto do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 173.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas**” cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 177.440 € (cento setenta e sete mil catrocentos corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 173.200 €
- Achega da entidade: 4240 €



Concello de Vigo

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio
- Declaración responsable do cumprimento das medidas de prevención do COVID

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” ten como obxecto financiar o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas” e “Aulas de Música” , figurando na aplicación **3340.480.00.10** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 173.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

A vista do anteriormente exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 173.200 € (CENTO SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS EUROS) á Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, CIF. G-36855906, para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas” e “Aulas de Música” , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 “CONVENIO BANDAS DE MÚSICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas Populares de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa Mar de Bandas e Aulas de Música.”*



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS” E “AULAS DE MÚSICA” 2021

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020.

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, en concreto nos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de Música”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**, a cantidade de 173.200 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 177.440 € (cento setenta e sete mil catrocentos corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 173.200 €
- Achega da entidade: 4240 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”

- As actuacións desenvolveranse, entre o 15 de novembro do 2020 ao 11 de novembro do 2021, dun xeito especial que dea seguridade tanto aos compoñentes como ao público en xeral, seguindo estrictamente o protocolo COVID vixente en cada momento.
- O número total de actuacións será de 90 (noventa), dez por cada unha das bandas pertencentes á ASOCIACIÓN.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.



Concello de Vigo

- Con carácter xeral, quedan excluídas do presente convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.

PROGRAMA “Aulas de Música”

- Desenvolverase de xaneiro a maio de 2021 nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da asociación.
- 2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- 7)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os

cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido a entidade presenta poliza do seguro de responsabilidade civil que atendería calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento así como recibo de pagamento da mesma.

10)Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (173.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.



Concello de Vigo

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlense dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 30 de setembro e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos "Aulas de música".
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas nos meses de outubro e ata o 11 de novembro. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 11 de novembro do 2021.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:



Concello de Vigo

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde novembro do ano 2020 a novembro do 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e



Concello de Vigo

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideren incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



Concello de Vigo

Os imp
seguint

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO – FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO “VIGO, UN MAR DE BANDAS”

S

PROPOSTA ECONÓMICA

CONCEPTO de GASTOS	PRESUPUESTO
NOVENTA ACTUACIÓN S (90)	112.800 €
FEDERACIÓN DE BANDAS DE MUSICA DE VIGO	0 €
AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS	54.340 €
PRODUCCIÓN (publicidade e cadeiras para os concertos)	10.300 €
TOTAL GASTOS	177.440 €

CONCEPTO de INGRESOS	PRESUPUESTO
Subvención CONCELLO DE VIGO	173.200 €
Fondos propios da FEDERACION	4.240 €
TOTAL INGRESOS	177.440 €

PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2021”

D/Dna.....
 en representación da entidade
 CIF, con domicilio social en

 de VIGO, teléfono/s de contacto.....
 correo electrónico

EXPÓN:

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día de do 2021, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de

OBSERVACIÓN S:.....

.....

VIGO, de do 2021

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

19(866).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DA “X EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2021”. EXPTE. EXPTE. 4004/330.

Visto o informe xurídico do 13/09/21 e o informe de fiscalización do 21/09/21, dáse conta do informe-proposta do 07/09/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O día 29.08.2021, a “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da “**X EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2021**”; por este motivo, o día 01.09.2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**” é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o *Festival Primavera do Cine en Vigo*.

Reencanto Producións é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social, é unha proposta en positivo, é unha organización aberta, participativa e flexible que cre na innovación e que-re potenciar as novas proposta.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Festival Primavera de Vigo 2021 desenvolveuse entre **os días 7 ao 12 de setembro do 2021** en distintos espazos da cidade segundo as actividades:

“ **O FESTIVAL** desenvolverase fundamentalmente en dous espazos: Auditorio Municipal do Concello de Vigo e Museo MARCO.

PROXECCIONS CINEMATOGRAFICAS:

SALA 1

AUDITORIO DO CONCELLO DE VIGO

Proxección da sección oficial de longametraxes e curtametraxes.



Concello de Vigo

*Proxección da sección oficial de videoclips.
Proxección dos traballos do programa CINEMA EN CURSO
Celebración da gala de clausura.*

SALA 2 MUSEO MARCO

Proxección da sección oficial de curtametraxes: galega, lusófona e infantil.

Para a celebración dos diversos obradoiros e coloquios contarase con dous espazos alternativos: sede da Deputación de Pontevedra en Vigo e sede do Instituto Camões en Vigo.”

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 24.506,20 € € (vintecatro mil cincocentos seis con vinte euros) dos que o Concello de Vigo achegará 5.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” , para o financiamento da “**X EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2021**” , rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” ten como obxecto financiar a organización da “**X EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2021**” figurando na aplicación **3340.480.00.17** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) a "Asociación Cultural Reencanto Producións" CIF. G27780766, para o financiamento da "X Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2021" organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 “SUBVENCIÓN FESTIVAL.PRIMAVERA DE CINE”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1)E de responsabilidade da Entidade :

a)A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

b)A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

c)Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

d)Cumprimento das medidas sanitarias adoptadas polas autoridades sanitarias en cada momento por mor da COVID-19.

2)Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. David Esperón Fontán, presidente da Asociación.

3)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4)Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido

producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subven-



Concello de Vigo

cións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro de 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o

importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO



Concello de Vigo

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal cas

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(867).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE DA ANTIGA EDAR VIGO COMO ESPACIO DE USOS MÚLTIPLES-CORUXO”. EXPTE. 5209/443.

Visto o informe de fiscalización do 24/09/21, dáse conta do informe-proposta do 23/09/21, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio en data 21.02.2018 resolveu autorizar o gasto, para redacción do proxecto de acondicionamento, reforma e redistribución de edificio existente na antiga E.D.A.R. para uso de auditorio e actividades complementarias, a prol da empresa Gen Arquitectos S.L..

II.- A empresa GEN ARQUITECTOS S.L. presenta proxecto de “ACONDICIONAMENTO REFORMA E REDISTRIBUCIÓN DO EDIFICIO NA ANTIGA E.D.A.R., PARA USO DE AUDITORIO E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. CORUXO”, redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS CINCUENTA E TRES MIL NOVECIENTOS CINCO EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (853.905,68 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 20.09.2021, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 21.09.2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola no edificio composto de soto, baixo con altillo cunha superficie total construída de 533,50 m2 prevendo unha ocupación de 496 persoas, localizado nos terreos destinados a E.D.A.R. sita en estrada dos Muiños nº 79, consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

➤ O presente proxecto “Básico e de Execución de Rehabilitación de edificio da Antiga EDAR Vigo adecúa a edificación para o uso de espazo de Usos Múltiples” ten por obxecto tanto o acondicionamento exterior da envolvente e o interior do edificio procurando a integración completa co entorno e ademais empregando sistemas renovables e de enerxías limpas para as instalación propostas. Así mesmo, tamén se proxecta a urbanización do entorno habilitando zonas verdes e de aparcamento, tanto para vehículos como para bicicletas, dando maior accesibilidade e comunicación para lograr poñer en valor a Marisma Xunqueira do Lagar.

➤ A nova envolvente da fachada plantexase dúas partes, na parte inferior estará formada por un trasdosado directo de paneis fenólicos colocados sobre o peche existente, dispostos entre montantes verticais de aluminio, con acabado imitación a madeira, mentres que na parte superior farase una estrutura ventilada sobre da que se soportarán os paneis



Concello de Vigo

vexetais artificiais. O acceso o edificio farase a través dun vestíbulo de independencia con estrutura de muro cortina.

- O espazo interior divídese en dúas plantas, dado que se proxecta a execución dunha estrutura metálica que fará a nova grada. A planta baixa destinarase a Salón de Actos, vestíbulos, aseos e almacenes, e a planta primeira, grada e cabina de control. Farase un rexistro no forxado de cuberta para ter acceso as instalacións que aí se aloxaran. Tamén se reserva e prevese a reubicación de un transformador existente, con acceso directo dende o exterior.
- Na planta soto prevese a ubicación do axibe para abastecemento das Bies, así como as instalacións necesarias para o seu funcionamento, efectuarase un acceso técnico directo dende a planta baixa.
- En canto as instalacións prevese dotar o mesmo de instalacións, eléctrica, alumeadado específico a o uso fontanería, sanitarios, climatización, protección lumes, voz e datos e instalacións de protección. Ademais no proxecto contemplase a reubicación do centro de transformación existente na parcela a unha nova ubicación dentro do propio edificio.
- No zona exterior plantexase unha zona de aparcamento dotada de alumeadado público, e con acceso dende o exterior, así como a reparación do peche existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 4 meses.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de autorización das obras de rehabilitación de edificio da antiga EDAR de Vigo como espazo de usos múltiples, da Dirección de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) de data 16.07.2021, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións:

“(…)

Xerais

- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditas conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando abrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.

Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

Particulares

- As obras serán o proxecto de “Rehabilitación de edificio da antiga EDAR Vigo como espazo de usos múltiples”, consistentes en traballos de demolición, execución dunha entreplanta e zona de grada, e peche e condena do soto, cunha superficie total construída de 533,50 m², creación de tabiques e falsos teitos, substitución e rehabilitación de carpintarías, solados, cuberta, fachadas e servizos, e máis actuacións de urbanización exterior para creación de zonas verdes e de aparcamento, en parcela de referencia catastral 54057A0120003610000BA, en zona de policía e a unha distancia de 44 m. do leito do río Lagares, na rúa Muíños no79, parroquia de Coruxo, Concello de Vigo.
- O abastecemento de auga potable e o saneamento de augas residuais realizaranse por medio de conexión ás redes municipais existentes na contorna.
- Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito dorío.
- Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.
- Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
- Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.



Concello de Vigo

- Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederáse a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.
- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
- Rematadas as obras, comunicaráse a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno”.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 21.09.2021 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A efectos urbanísticos, as obras que se pretenden executar teñen por obxecto, ademais da rehabilitación do edificio da Antiga EDAR Vigo para un espazo multiusos, a reubicación dun transformador eléctrico. Ditos usos pódense considerar como usos ao servizo público, atopándose dita edificación dentro do ámbito dun sistema Xeral, calificación esta última que se reflexa na (IOP), Instrución de ordenación provisional.

Asemade constan informes favorables da Consellería de Medio Ambiente, de data 6/09/2017, e resolución favorable de Augas de Galicia de datas 10/07/2018 e 16/07/21.

Segundo se indica na memoria do proxecto este se axusta as condicións impostas no informe de augas de Galicia, existindo variacións con respecto a o documento aportado en canto a cualificación do contratista e o prazo de execución, datos que técnicamente non alteran as obras a executar.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE ANTIGUA EDAR VIGO COMO ESPACIO DE USOS MÚLTIPLES”, redactado polo Arquitecto Javier Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS CINCO EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (853.905,68 €) e data agosto de 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

21(868).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN E EQUIPAMENTO DO ANTIGO EDIFICIO DE CONTROL DA EDAR LAGARES PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL”. EXPTE. 1016/441.

Dáse conta do informe-proposta do 20/09/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 20 de agosto de 2021 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipais emitiu informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “Adecuación e equipamento do antigo edificio de control da Edar Lagares para Centro de Interpretación Medioambiental”. **O devandito informe indica o seguinte:**

“A declaración de impacto ambiental do proxecto, formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia o 16/03/2009, prevé entre as medidas compensatorias da actuación durante a fase de explotación a “ Creación dunha edar aberta promovendo visitas concertadas, elementos de información e explicación sobre a importancia da depuración das augas residuais urbanas e a súa contribución ó desenvolvemento sostible da zona, así como dos tratamentos empregados. Instalación dun centro de interpretación onde levar a cabo estudos sobre o tratamento de augas residuais e a evolución do medio fluvial coa incorporación destas, estudos e observación de flora e fauna asociada a estes habitats.”

Dado que as instalacións do antigo edificio de control da depuradora están a ser utilizadas nestes momentos para outros fins, resulta necesario realizar obras de adecuación para garantir o seu uso como centro de interpretación, así como equipar as súas dependencias cos materiais expositivos e interpretativos necesarios para informar sobre a importancia da depuración das augas residuais urbanas e a súa contribución ao desenvolvemento sostible de Vigo, así coma dos valores naturais da contorna onde se atopa a EDAR.”

V.- A vista deste informe, con data 2 de setembro de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“Adecuación e Equipamento do antigo edificio de Control da Edar Lagares para Centro de Interpretación Medioambiental”**.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“Adecuación e Equipamento do antigo edificio de Control da Edar Lagares para Centro de Interpretación Medioambiental”**

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto de **“Adecuación e Equipamento do antigo edificio de Control da Edar Lagares para Centro de Interpretación Medioambiental”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(869).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE OBRAS “RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECEMENO NA RÚA GORXAL”. EXPTE. 1049/441.

Dáse conta do informe-proposta do 24/09/2021, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e



Concello de Vigo

saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 22 de setembro de 2021 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “**RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA GORXAL**”. O devandito informe indica o seguinte:

O polígono está formado por oitenta e seis vivendas, agrupadas en dez bloques de tipoloxía aliñada. Ademais, e formando parte do entramado do polígono, existen outras tres vivendas adicionais, que corresponden aos números 9, 17 e 19.

A rede de saneamento que da servizo ao polígono sofre numerosos problemas debido á súa antigüidade, provocando frecuentes problemas de atascamentos, e producindo as consecuentes molestias e queixas dos veciños.

Adicionalmente, considérase necesario renovar a rede de abastecemento, executando conexións entre os diferentes ramais, de modo que se melloren as condicións de circulación da auga e que permita, ante unha eventual incidencia na rede no futuro, tomar accións minimizando as molestias aos veciños.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “Renovación do saneamento e abastecemento na rúa Gorxal” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.

V.- A vista deste informe, con data 22 de setembro de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de “**RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA GORXAL**”.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso

de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA GORXAL”**.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de **“RENOVACIÓN DO SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA GORXAL”**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23 (870).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA-CABRAL”. EXPTE. 759/441.

Visto o informe xurídico do 13/09/21 e o informe de fiscalización do 21/09/21, dáse conta do informe-proposta do 31/08/21, xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para **RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA – CABRAL**, subscrito polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS OITO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (499.908,29 €)**, de data de decembro de 2020.

2º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 14/12/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 15/12/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 07/01/2021 aprobou o proxecto



Concello de Vigo

de “RENOVACIÓN DE CÉSPEDA ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA – CABRAL” subscrito polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS OITO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (499.908,29 €), de data de decembro de 2020.

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07/01/2021 que se corresponde cos expediente administrativo 4634/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, con data de decembro de 2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de data 18/01/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18/01/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 19/01/2021.
- E) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada, asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria en data 22/01/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo en data 26/01/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 25/08/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 26/08/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 27/08/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 14/12/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA – CABRAL” subscrito polos Arquitectos Municipais, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, adscritos a Xerencia de Urbanismo, cun orzamento base de licitación máis IVE de 499.908,29 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/08/2021.



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL NOVECENTOS OITO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (499.908,29 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 86.760,94 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.632.00.62 (Mellora campo de fútbol Sta. Mariña), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	499.908,29 €
TOTAL	499.908,29 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(871).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE IV”. EXPTE. 991/441.

Visto o informe xurídico do 13/09/21 e o informe de fiscalización do 20/09/21, dáse conta do informe-proposta do 08/09/21, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 03/05/2017 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da avenida Martínez Garrido (Fase IV), a prol da empresa GOC S.A.

2º.- A empresa GOC S.A. presentou borrador de proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE IV", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portes D. José Ramón Fernández Ceballos, UN MILLÓN DOUSCENTOS MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.200.689,56 €) de data xuño de 2021 e con sinatura dixital de datas 22/06 e 06/07/2021.

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 08/07/2021, o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 09/07/2021 e informe da Intervención Xeral de data 12/07/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16/07/2021 aprobou o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO. FASE IV”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portes D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de **UN**

MILLÓN DOUSCENTOS MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.200.689,56 €) e sinatura dixital de datas 22/06 e 06/07/2021 (Expte. 5092-443).

4º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/07/2021 que se corresponde co expediente administrativo 5092/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portes D. José Ramón Fernández Ceballos, con data 22/06/2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 20/07/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20/07/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 21/07/2021.
- E) Certificados de existencia de crédito (RC nº202100071419 e RCFUT1 nº202100071420) asinados polo Director Superior Contable en data 22/07/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 23/07/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 25/08/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 27/08/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 27/08/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do



Concello de Vigo

proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08/07/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "**HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO FASE IV**" redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portes D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.200.689,56 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/08/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN DOUSCENTOS MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.200.689,56 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 208.384,14 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.32 (HUMANIZACIÓN M. GARRIDO, ÚLTIMA FASE), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	550.000,00 €
2022	650.689,56 €
TOTAL	1.200.689,56 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 118,31%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(872).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING. EXPTE. 14613/445.

Visto o informe xurídico do 20/09/21 e o informe de fiscalización do 22/09/21, dáse conta do informe-proposta do 20/09/21, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O parque móbil do Concello de Vigo componse actualmente de 210 vehículos, desempeñando todos eles diferentes funcións, tendo practicamente a totalidade deles motores de combustión térmica. A normativa cada vez máis restritiva dende o punto de vista ambiental e de emisións de CO₂, fan necesario a mellora e renovación paulatina destes vehículos dun modo sostible.

Asemade, a maioría destes vehículos están destinados aos distintos servizos municipais (obras, xardíns, etc), non dispoñendo de turismos adecuados para os desprazamentos a reunións de traballo, inspeccións, etc... no termo municipal ou fora do mesmo, circunstancia que ven sendo requirida por persoal e autoridades en diferentes momentos.

Por conseguinte, expónse a contratación da subministración de 3 vehículos, mediante un alugueiro a longo prazo con todos os servizos incluídos, na modalidade de renting, para cubrir a demanda dun vehículo híbrido e dous vehículos eléctricos ao servizo do persoal e autoridades do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

II.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste contrato, en data 2 de decembro de 2020, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario , ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

III.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 02.12.2020 pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.

b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 02.12.2020.

c) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 04.05.2021.

d) Certificado de crédito RC nº202100054878 e RC/FUT nº 202100054880 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.

e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.08.2021.

f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en datas 2 e 3 de setembro de 2021.

g) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 20.08.2021.

h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 06.09.2021.

i) Corrección da memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 17 de setembro de 2021.

j) Dilixencia de corrección do PCAP asinada en data 17.09.2021.

k) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 17.09.2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta

de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do “**SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING**”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 18.08.2021.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 17.09.2021.

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS EUROS (61.200,00 €)**, sendo a partida correspondente ao IVE de 10.621,49 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202 2040000.- “Aluguer vehículos sen conductor”, de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade	2021	2022	2023
Lote 1	2.200,00 €	13.200,00 €	11.000,00 €
Lote 2	2.900,00 €	17.400,00 €	14.500,00 €
Total	5.100,00 €	30.600,00 €	25.500,00 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de adjudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(873).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS CUSTES ASOCIADOS AO PROXECTO DE “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL” E TOMA DE COÑECEMENTO DE DATOS. EXPTE. 4649/443.

Dáse conta do informe-proposta do 27/09/2021, asinado polo xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prorroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020, que figura, tamén, no expediente da prorroga, no que como principal investimento figura a ampliación e modernización da ETAP do Casal, por importe de 22.700.000,00 euros.

O cadro de contías e prazos de execución dos investimentos no período de prorroga que figura no dito informe económico é o que segue:

ANO	Recuperación desviación de tarifa do ano 2020 (estimación)	INVESTIMENTO ETAP DO CASAL	OUTROS INVESTIMENTOS
2021	212.825,00 €	2.700.000,00 €	2.558.586,63 €
2022		10.000.000,00 €	2.500.000,00 €
2023		10.000.000,00 €	2.500.000,00 €
2024			5.000.000,00 €
2025			5.000.000,00 €
	212.825,00 €	22.700.000,00 €	17.558.586,63 €
TOTAL		40.471.411,63 €	

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 10.09.2021 acordou:

“Aprobar o proxecto de obras de **“AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación IVE non incluído de DEZAOITO MILLÓNS OITOCENTOS SESENTA E CATRO MIL OITOCENTOS CUARENTA E TRES EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (18.864.843,50 EUROS) con sinatura dixital de data agosto de 2021 e dispoñer a súa execución pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC AQUALIA VIGO UTE, no marco do plan de investimentos aprobado para a segunda prorroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abatecemento de Auga e Saneamento de Vigo.”

IV.- Con data 22 de setembro, Aqualia-FCC Vigo UTE presentou os costes asociados correspondes ao proxecto de referencia (asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 439.915,47 euros (IVE excluído), os cais foron informados polo Enxeñeiros de Caminos, Canais e Portos municipais no cal indican::

«Infórmase, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Asistencia técnica á Dirección de Obra e Coordinación de seguridade e saúde, corresponden cos ratios aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013, dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual».

V.- Na mesma data 22 de setembro Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra aprobada na XGL de data 10.09.2021. En concreto:



Concello de Vigo

- Código do proxecto: Expte. 4649-443
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 15.852.809,66 €
- Presuposto de contrata: 1.864.843,50 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 18 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: K 8 4
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL, ESINPRO, ZUBIA INGENIEROS, ESUTUDIO DE ARQUITECTURA ZABALLA Y CARBALLAS SLP Y HERMATI GESTION PROYECTOS.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: SEGURINCO.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a

execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobado os custes asociados correspondentes ao proxecto de ampliación e modernización da ETAP do Casal:

TRABALLO		HONORARIOS
Asistencia técnica á D.O.		317.056,19 €
Coordinación de seguridade e saúde		79.264,05 €
	SUMA	396.320,24 €
	11% Gastos de Xestión	43.595,23 €
	TOTAL (IVE excluído)	439.915,47 €

SEGUNDO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente "“AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL" cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(874).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



Concello de Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez